



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA TRINTA (30) DE NOVEMBRO DE 2023

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:03 h. do día 30 de novembro de 2023, ten lugar sesión ordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D. Ramón Maceira Giadanes.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D^a Vanesa Domínguez de la Iglesia.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D^a M^a Carmen Acuña do Campo.
- D. Jesús Fernández Díez.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- D. Iván Roca Cruz.
- Non asisten:
 - D. Jaime Rumbo Mosquera, concelleiro do grupo municipal “Alternativa dos Veciños”.
 - D. Jorge Platas Casal, concelleiro do grupo municipal “Popular”.

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, D. Vicente José Calvo del Castillo.





CONCELLO DE
OLEIROS

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o sr. alcalde a declara aberta.

Antes de iniciar o tratamento dos asuntos contidos na orde do día o alcalde, D. **Ángel García**, sinala que se vai dar lectura a un manifesto do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” mailo BNG, dándolle a palabra á concelleira delegada de servizos sociais e igualdade, D^a **Belén Taboada**, dando lectura ó manifesto seguinte:

**MANIFESTO DO GOBERNO MUNICIPAL DA ALTERNATIVA DOS VECIÑOS MAILO GRUPO MUNICIPAL MIXTO-
BNG NO DÍA INTERNACIONAL PARA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES**

En pé contra a violencia de xénero.

54 son as mulleres asasinadas desde xaneiro ata novembro de 2023, por violencia de xénero. **1.239** as mulleres asasinadas en 10 anos polo mero feito de ser mulleres, si. **94.554** as denuncias por violencia de xénero de xaneiro a xuño de 2023. **2.307** as denuncias por violación sexual no mesmo período. (2 GALEGAS)

Cifras, cifras e cifras detrás das cales están mulleres con nomes e apelidos, historias e vidas.

Mulleres de todas as idades, clases sociais e ideoloxías. Mulleres que son nais, fillas, avoas, persoas.

A violencia de xénero non atende a distincións, arrasa por onde pasa e vulnera sistematicamente os Dereitos Humanos.

E isto, é a punta visible do iceberg.

Por debaixo existe todo un sistema de violencias normalizadas, lexitimadas e silenciadas, que son o abono sobre o que se sostén o patriarcado.

Como políticas, temos responsabilidade social e como tal, o deber de non branquear actos, declaracións e pensamentos que amparen as violencias machistas

Non, non todo vale. Os acordos políticos non poden pasar por darlle cabida a actitudes e ideoloxías que vulneran os dereitos das mulleres e das nenas, nin pola modificación de leis e normativas que amparan os nosos dereitos.

De nada serve que cada 25N, Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres, esteamos de acordo nisto, se mañá imos ceder a posicións reaccionarias.

Nós, como representantes da cidadanía nas institucións, temos a obriga e a responsabilidade de apuntar e combater as causas das violencias; se non o facemos, dificilmente remataremos coas consecuencias.

É o noso deber traballar pola erradicación de todas as formas das violencias machistas. Non hai sociedade xusta, democrática e igualitaria que mire cara outro lado, que non se implique na erradicación da violencia de xénero.

Si, combater a violencia de xénero desde a súa orixe require educar en igualdade desde idades temperás.

Pero tamén require traballarnos nós. Pensar e reflexionar conxuntamente como reproducimos os prexuízos, os mandatos e roles de xénero, os estereotipos sexistas, as violencias. E como llos transmitimos ás novas xeracións. Erradicar a violencia de xénero pasa por informarnos e formarnos, por cambiar as nosas dinámicas. Non hai outro xeito.

Pasa por entender que non é unha cousa só de mulleres.

Vós, homes, tedes que implicarvos si ou si.

Non hai xustiza social que se asente nunha sociedade na que unha parte da poboación nega as dinámicas de violencia que sufrimos as mulleres polo mero feito de selo. Tedes que condenar, sinalar, reprochar e deixar de reproducir as violencias sobre nós, pero tamén sobre vós. Si, as asasinadas e violadas somos nós, as mulleres. Pero este sistema patriarcal violenta, intimida, oprime, silencia e maltrata ao conxunto da sociedade.

Traballádevos, e avanzaremos en igualdade.

Porque si, somos iguais. E exiximos que nos tratedes como tal.

Combater a violencia de xénero tamén pasa necesariamente polo compromiso e o traballo continuado desde as institucións e os gobernos locais. De nós depende seguir creando e consolidando os mecanismos de prevención, detección, actuación, concienciación, apoio e protección.





CONCELLO DE
OLEIROS

É por isto que **no Concello de Oleiros traballamos e seguiremos a traballar** na erradicación da violencia contra as mulleres e demais violencias machistas. **Non, non cesarán os nosos esforzos nesta loita.** Continuaremos remando en prol da igualdade e contra a violencia de xénero.

É o noso **compromiso**. É a nosa **responsabilidade**. É a nosa **obriga**.

En pé contra a violencia de xénero.”

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 202205980, de 27 de novembro, que son os seguintes:

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 26 de outubro de 2023.
- 2º.- Aprobación definitiva, se procede, do estudo de detalle no Polígono I – Lorbé.
- 3º.- Aprobación definitiva, se procede, do estudo de detalle Rúa Soñeira, 2 – Parcela 6.2 do Plan Parcial I-33-R de Iñás.
- 4º.- Aprobación definitiva, se procede, do estudo de detalle para axuste de aliñacións en Subiña – Serantes.
- 5º.- Aprobación, se procede, da modificación da composición da mesa de contratación, de carácter permanente, para asuntos de competencia plenaria.
- 6º.- Dar conta da información remitida ao Ministerio de facenda relativa á execución do orzamento e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, correspondentes ao 3º trimestre de 2023.
- 7º.- Dar conta da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao 3º trimestre de 2023.
- 8º.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2023005261 ata o nº 2023005977 (ambos incluídos).
- 9º.- Mocións, rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 26 de outubro de 2023

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ás actas que se achegaron para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, co obxecto de explicar o voto afirmativo do seu grupo, agradecendo o esforzo realizado polo persoal funcionario para reflexar máis fielmente o que aquí se fala, respectando e reproducindo o contido con maior literalidade.

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación amosándose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, por **dezanove (19) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria que tivo lugar o día 26 de outubro de 2023*.

Punto 2.- Aprobación definitiva, se procede, do estudo de detalle no Polígono I – Lorbé

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que en xullo do ano pasado aprobouse inicialmente este estudo de detalle, semeténdoo a información pública e notificándoo ós titulares das parcelas afectadas.





CONCELLO DE
OLEIROS

En canto ós informes sectoriais, solicitáronse á consellería competente en materia de Patrimonio Cultural, por colindar cun cabazo catalogado no plan xeral; a Augas de Galicia, porque este polígono está dentro da zona do rego da Fonte de Vigo de Lorbé e do seu manantial, tamén incluídos no catálogo de Bens Naturias no plan xeral vixente e á Deputación provincial, por estar a carón da estrada DP5802, Rúa do Portelo, da súa titularidade.

Con data de abril deste ano presentouse un novo documento para a súa aprobación definitiva, requiríndoselle realizar unha serie de correccións documentais, de acordo ó informe técnico. Ademais, durante o período de exposición pública, presenta escrito Josefa María Mirón Pazos, aínda que máis que unha alegación trátase dunha solicitude de corrección de información para que conste que é titular catastral dunha das parcelas incluídas no ámbito, tomándose coñecemento deste dato aínda que non afecta ó contido do estudio de detalle e en todo caso, terase en consideración no intre de proceder á execución da equidistribución do polígono.

En setembro deste ano recibíuse informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, coa condición de que a área de movemento da futura edificación alónxese, como mínimo, catro metros do límite da parcela que contén o Cruceiro da Capela do Carme, o documento que se presenta para esta aprobación definitiva axusta á área de movemento da edificación de xeito que respecto o recuamento sinalado pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, mantendo en cinco metros tamén o outro linde coa citada parcela.

Recibiuse informe favorable e sen observacións de Aguas de Galicia, lembrando con carácter xeral a necesidade de cumprir coa lexislación requirida para as actuacións a executar en zonas de policía e servidume e posibles aproveitamentos das augas. Finalmente, tamén a Deputación provincial emitiu informe favorable ó documento, dexiando constancia da necesidade de solicitar autorización no intre de executar obras que afecten ó dominio público en relación ó proxecto de urbanización.

Por todo isto e tendo en conta os informes favorables e a proposta presentada, achégase ó pleno a aprobación definitiva deste estudio de detalle no Polígono I, de Lorbé.

Intervén a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, anunciando a abstención do seu grupo tanto neste punto coma nos seguintes 3 e 4, todos eles pertencentes ó Departamento de Urbanismo, dado que manteñen a idea de que se está a permitir unha construción masiva sen que exista unha planificación real de infraestruturas adecuadas ó crecemento urbanístico e, polo tanto, tamén poboacional.

Non existe un plan paralelo de desenvolvemento coordinado co crecemento urbanístico, falla unha planificación real do territorio e das súas infraestruturas e servizos públicos, por exemplo, fíxose un estudio de mobilidade do que non coñecen o seu contido, cal foi ese análise e que propostas plantexáronse no mesmo.

O número de habitantes segue medrando, paralelamente tamén o parque de automóbiles, e as infraestruturas quedan escasas, ó igual que as prazas educativas nos centros públicos, por poñer outro exemplo.

A dotación de infraestruturas tamén debe aumentar e como xa expuxeron en varias ocasións, non están en contra de que se constrúa, pero non de calquera xeito.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, anunciando que non votarán a favor deste asunto, ó igual que noutros expedientes máis, por mor da nula colaboración municipal en canto á consulta de expedientes, como o que se achega, que ó ser complexo e moi extenso require de máis tempo para analízalo máis polo miúdo, existindo unha alegación por parte da propietaria e estar implicadas outras administracións, coma a Deputación, ó lindar cunha estrada da súa titularidade; Aguas de Galicia porque existe unha fonte nese ámbito e ata a Igrexa, pola existencia dunha Capela.

Lamentan unha vez máis a imposibilidade que teñen para poder consultar axeitadamente os expedientes e poder opinar como se merecen, polo que insiste en que o voto do seu grupo non será positivo ó expediente.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, salientando que Oleiros é un dos poucos municipios que conta con plan de ordenación urbana, por certo un plan de moi baixa densidade. Aquí non existen, como noutros municipios, as torres que se fan en calquer leira, xa non nos núcleos urbanos, senón que insiste en calquer leira.

Polo tanto, é inexistente a construción masiva e dicir que non existen infraestruturas en Dexo non é de recibo, existe unha Vía Ártabra promovida, pensada e creada polo naquel intre Enxeñeiro municipal, Rafael Astor, imposta no plan xeral de urbanismo de Oleiros e aceptada pola Xunta de Galicia, polo que conta cun acceso que nunca tivo e que permite a calquera veciño acceder en breve tanto á N-VI coma a calquera outro lugar do municipio, o tempo máximo de acceso de Lorbé á N-VI é duns 5 minutos, mentres cando antes tardábase arredor dos 25 minutos, polo que o argumento de construción masiva e falla de infraestrutura non é de recibo, polo menos, neste caso.

Ademais, Dexo non ten unha previsión de crecemento no futuro ó non estar prevista practicamente grandes actuacións, agás só aquelas que son propias da veciñanza da parroquia que nas súas leiras fan as súas vivendas.

En canto ó alegado pola voceira do grupo “Socialista”, é increíble que se defenda isto porque remata de ler a voceira do goberno municipal que en relación ó expediente existen os informes favorables de tódalas administracións que están afectadas polo desenvolvemento deste Polígono I, en Lorbé e tamén, co informe favorable do equipo do Departamento de Urbanismo municipal que está a disposición a veciñanza e o que teñen que facer os concelleiros da oposición é vir a traballar e estudar os expedientes e deixarse de demagogia.

Intervén a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que en canto ó dito da Vía Ártabra en canto á conexión con Dexo, está de acordo, pero lembra que xa trouxeron e en máis dunha ocasión a proposta de arranxo dun ramal que uniría a localidade de Mera, onde si están previstas diferentes urbanizacións, coa propoñida Vía Ártabra por estar nun estado lamentable e co seu arranxo aliviaría moito a densidade do tráfico existente, incluso podería buscar o pleno onde se propuxo a execución deste acceso que seguramente nun futuro non moi lonxano sexa unha conexión coa Vía Ártabra pero que a día de hoxe está sen asfaltar, ademais de contar cunha curva perigosa onde se produciron xa varios accidentes, polo que o lóxico sería que se empezase a actuar por estas infraestruturas pequenas.

Contéstalle o alcalde, D. **Ángel García**, sinalándolle á voceira do grupo “Popular” que volve abraíalo porque o que se fixo coa Vía Ártabra foi unha conexión directa con Mera, a través dunha estrada que gracias a unha xestión súa





ante a Deputación provincial ampliouse hai agora un ano, pasando de 5 a 9 m. de calzada con beiravías a cada lado de 2 m., dous quilómetros desde o centro da localidade de Mera ata a conexión coa Vía Ártabra, insiste en que non entende a falla de coñecemento do municipio por parte dos concelleiros.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, manifestando que ademais das conexións tamén estaría ben que se tratase o saneamento. En canto a súa alusión feito na anterior intervención, cre que foi a través dun rogo que se fixo na xuntanza da comisión informativa á concelleira que a preside para que se cumpra co Regulamento Orgánico Municipal de Oleiros, onde si habilita ós sábados para poder consultar os expedientes, porque como ben sabe o alcalde, os expedientes están a súa disposición de 8 a 15 h. de luns a venres e que coincide co seu horario laboral.

Negáronlles esta posibilidade dos sábados, alegando que non se traballaba, polo que lles están a negar esa posibilidade de estudar os expedientes que non nega que estean conformes e completos, o que está a reclamar é a facilidade de acceso ós expedientes para poder desenvolver o traballo dos grupos da oposición de fiscalización dos expedientes que para iso foron elixidos e tamén lles votou a veciñanza.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que se non teñen tempo a vir pola semán e poder realizar o seu labor ¿Por qué se presentou ás eleccións?. A lei permítelle ter o tempo necesario para poder desenvolver o seu labor político e, ademais, debe ter en conta que o persoal municipal de administración non traballa os sábados.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 27 de novembro de 2023, acadándose o resultado de **doce (12) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **sete (07) abstencións** (catro (04) do grupo municipal “Popular”); dúas (02) do grupo municipal “Socialista”) e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“EXPEDIENTE: 2022/PLANEAM/000008 (FG núm. 695)

ASUNTO: Aprobación definitiva do estudo de detalle Polígono I – Lorbé

Con data 13 de novembro de 2023, a coordinadora de servizos urbanísticos do Concello de Oleiros emite un informe xurídico coa sinatura de conformidade da persoa que ocupa a Secretaría municipal, do seguinte teor literal (transcrición literal parcial):

“

1.OBXECTO DO INFORME

EXPEDIENTE	2022/PLANEAM/000008 (FG núm. 695)
DENOMINACIÓN	Estudo de detalle do polígono I – Lorbé
ENTIDADE PROMOTORA	Inversiones SUFEGA, S.L. (B-15.638.331)
ENTIDADE REDACTORA	Roi García Camba – Eido Arquitectura, S.L.P.
ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	O ámbito do polígono correspóndese con parte das parcelas catastrais 6347406NJ5064N, 6347404NJ5064N e 6347410NJ5064N
APROBACIÓN INICIAL	Resolución 2022003328, de 8 de xullo. Apróbase coa condición seguinte:





	<i>O documento que se tramite para aprobación logo da información pública, a documentación gráfica editable de planos de planta deberá completarse con ficheiros editables en soporte dwg ou comptibles con software libre GIS tipo QGIS. Debe eliminarse o anexo de vixencia. Deberanse aplicar no documento as medidas necesarias de disociación de datos de particulares que permitan cumprir coa LOPD no momento de publicación do documento.</i>
INFORMACIÓN PÚBLICA E NOTIF. PERSOAS TITULARES	DOG núm. 135, de 15 de xullo de 2022 La Voz de Galicia de 13 de xullo de 2022
ALEGACIÓNS	Josefa María Mirón Pazos, NRE 2022014637, de 10 de agosto
PRESENTACIÓN DA VERSIÓN DEFINITIVA	2023020383, de 6 de novembro, informado favorablemente polo arquitecto municipal con data 8 de novembro.

2. NORMATIVA APLICABLE

- Arts. 76,79 e 80 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Arts. 159,160, 187, 192, 193 e 194 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

3. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

a. Obxecto e contido do estudo de detalle

Dentro da categoría de outras figuras de planeamento a normativa urbanística vixente recolle a figura dos estudos de detalle. Así, estes poderán desenvolver o propio PXOM ou un plan parcial ou especial. En canto aos obxectivos, poderán ser calquera dos seguintes:

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes
- b) Ordenar os volumes edificables
- c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do plan

Os estudos de detalle non poderán nalgún caso:

- a) Alterar o destino urbanístico do solo.
- b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.
- c) Reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas (inclúe equipamentos públicos, infraestruturas, viais e espazos libres)
- d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente contempladas no plan que desenvolvan ou completen.
- e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.
- f) Parcelar o solo.
- g) Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.
- h) Establecer novos usos e ordenanzas.

Os estudos de detalle conterán os documentos xustificativos dos extremos sobre os que versen e, como mínimo, os seguintes:

- a) Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das esixencias legais e regulamentarias que lles sexan de aplicación.

Cando se modifique a disposición de volumes efectuarase un estudo comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudo de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do artigo anterior deste regulamento.

- b) Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o plan vixente.
- c) Planos de ordenación a escala adecuada e, como mínimo a 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican ou reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior, e análise gráfica dos volumes ordenados, no seu caso, comprensivo do seu ámbito e da súa contorna.
- d) Calquera outro documento que poida contribuír á xustificación da proposta.





CONCELLO DE OLEIROS

A documentación do estudo de detalle formalizarase, como mínimo, nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital que será entregada á Administración correspondente.

O cumprimento dos requisitos técnicos e de contido expostos foi comprobado polo informe do arquitecto técnico mencionado nos antecedentes administrativos que figuran neste informe. As condicións impostas na aprobación inicial foron corrixidas na versión entregada como definitiva.

b. Tramitación do estudo de detalle

i. Iniciativa

Os estudos de detalle poderán ser formulados polas seguintes entidades:

- Os concellos
- A Administración autonómica
- Outros órganos competentes no ámbito urbanístico
- Polas particulares lexitimadas para facelo (artigo 80.1 da LSG): deberá acreditarse pola entidade promotora a aceptación polos propietarios ou propietarias que representen máis do 50% da superficie do ámbito de planeamento (artigo 66.b) da LSG).

Nestes casos, o documento deberá determinar a obrigação de conservación da urbanización, expresando se correrá a cargo do municipio, das futuras persoas ou entidades propietarias das parcelas ou das entidades promotoras da urbanización (artigo 66.a) da LSG).

No caso de que a obrigação de conservación da urbanización corra a cargo das futuras persoas ou entidades propietarias das parcelas ou das entidades promotoras da urbanización, indicarse o período de tempo ao que se estenderá dita obrigação.

No caso de que nos ocupa, trátase dun estudo de detalle formulado pola promotora que se sinala no apartado 1 deste informe, e consta no expediente a lexitimación para presentar o devandito estudo.

ii. Aprobación inicial e información pública

Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública por prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. No seu caso, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos. Para o caso que concorre, solicitáronse os seguintes informes, que foron presentados na seguinte data:

INFORME SOLICITADO	DATA DE RECEPCIÓN	CONCLUSIÓN
Patrimonio cultural	21-09-2022	Favorable con condición de que a área de movemento da edificación se afaste como mínimo 4 metros do límite da parcela que contén o cruceiro da capela do Carme
Augas de Galicia	01-12-2022	Favorable
Deputación Provincial da Coruña, por estrada DP 5802	02-12-2022	Favorable

O órgano competente para a súa aprobación inicial é a Alcaldía, en aplicación do artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Este estudo de detalle foi aprobado inicialmente mediante a resolución que se cita no apartado segundo deste informe, e levouse a cabo o trámite de información pública e as notificacións pertinentes consonte ao exposto no devandito apartado do informe.

Ha de terse en conta tamén que, en atención ao establecido no artigo 3.3.d).7º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico do persoal funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, é preceptivo o informe da Secretaría municipal para a aprobación, modificación ou derogación de convenios e instrumentos de planeamento e xestión urbanística como o que nos ocupa. Sinala o artigo 3.4 do citado Real Decreto que a emisión do informe da Secretaría poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes que fosen emitidos polos servizos do propio Concello e que figuren como informes xurídicos no expediente





iii. Aprobación definitiva

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobará o estudo de detalle definitivamente, coas modificacións que resultasen pertinentes (artigo 80.2 da LSG).

De conformidade co artigo 22.2 c) da Lei de Bases de Réxime Local, corresponde ao Pleno a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos devanditos instrumentos.

Durante o período de información pública tan só se presentou un escrito de alegación, data 10.08.2022 nº rex.: 2022014637, presentado por Josefa Mª Mirón Pazos. Máis que unha alegación ó contido propio do Estudio de Detalle trátase dunha solicitude de corrección de información para que conste que o titular catastral da parcela 6347410NJ5064N é Josefa Mª Mirón Pazos. Tómase coñecemento deste dato, que en todo caso non afecta ó contido propio do Estudio de Detalle. O dato será considerado no momento de proceder á execución da equidistribución do Polígono.

Por outra banda, coa aprobación definitiva do instrumento, haberán de levarse a cabo as seguintes xestións administrativas para dar por finalizada a tramitación do estudo detalle:

1. Dilixenciar o documento, indicando o número e data de entrada e deixando definido cal é o documento aprobado definitivamente.
2. Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia os apartados 4.1, 4.2 e 4.3 da memoria, páxinas 21 a 31 (ámbalas dúas incluídas), que constitúen o contido da normativa do Estudio de Detalle
3. Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudio de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.
4. Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.
5. Notificar ao promotor e ao equipo redactor.

Para finalizar, hase de ter en conta que o Estudio de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.

(...)"

Así, e vistas as conclusións do informe transcrito, nas que se indica que concorren os requisitos técnicos e xurídicos para a aprobación do estudo detalle indicado, propónse que o Pleno do Concello de Oleiros adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle que a continuación se identifica:

EXPEDIENTE	2022/PLANEAM/00008 (FG núm. 695)
DENOMINACIÓN	Estudo de detalle do polígono I – Lorbé
ENTIDADE PROMOTORA	Inversiones SUFEGA, S.L. (B-15.638.331)
ENTIDADE REDACTORA	Roi García Camba – Eido Arquitectura, S.L.P.
ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	O ámbito do polígono correspóndese con parte das parcelas catastrais 6347406NJ5064N, 6347404NJ5064N e 6347410NJ5064N
VERSIÓN DEFINITIVA	NRE 2023020383, de 6 de novembro

SEGUNDO.- Dilixenciar o documento identificado no apartado anterior como “redacción definitiva”, e arquivar tódolos documentos presentados con anterioridade.

TERCEIRO.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia os apartados 4.1, 4.2 e 4.3 da memoria, páxinas 21 a 31 (ámbalas dúas incluídas), que constitúen o contido da normativa do Estudio de Detalle

CUARTO.- Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do





Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

QUINTO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

SEXTO.- Notificar ao promotor e ao equipo redactor, así como as persoas interesadas.

SÉTIMO.- O Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”

Punto 3.- Aprobación definitiva, se procede, do estudo de detalle Rúa Soñeira, 2 – Parcela 6.2 do Plan Parcial I-33-R de Iñás

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela** explicando que antes de iniciar a exposición do asunto quere salientar que existe un erro no enunciado do asunto porque a Rúa en cuestión chámase Soneira e non Soñeira, dado que as vías existentes nese ámbito representan a comarcas galegas, polo tanto Soneira, polo que se procederá a súa corrección de oficio no expediente.

Este expediente aprobouse inicialmente en xullo de 2023, conta con certificación de non terse presentado alegacións durante a súa exposición pública, incorporándose as condicións tal e como se lle sinalaron ós promotores na aprobación inicial, incluídas xa hoxe na proposta de aprobación definitiva.

Intervén a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, manifestando que seguen no mesmo posicionamento, insisten en que as infraestruturas actuais son insuficientes; rede de sumidoiros e auga en mal estado; incluso os sevizos deportivos tamén son insuficientes.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, anunciando a abstención do seu grupo en base ós motivos xa expostos pola súa compañeira de grupo con anterioridade, en canto a que resulta moi complicado co tempo de que dispoñen antes do pleno poder facer unha valoración en detalle dunha aprobación que modifique o Plan Xeral, valorando tema de servizos, infraestruturas, saneamento, acceso a fluído eléctrico e telecomunicacións. Por outra banda, resalta que é boa noticia que se siga construindo no polígono industrial, porque hai moitas parcelas pero moi pouca industria.

Oleiros conta cunha escaseza palpable dun tecido industrial que xenere man de obra especializada, que son ó final os que tiran doutros sectores creando emprego de calidade, aínda que volve insistir en que é unha nova noticia de que unha empresa xa radicada xere unha nova infraestrutura no polígono porque, deste modo, irase revertendo esa tendencia tan problemática cara o futuro, no que a xente vive e durme en Oleiros pero ten que ir traballar fóra.

A maiores outro apuntamento, é certo que existe unha serie de eivas no plan de urbanismo porque o tema do saneamento en Oleiros, cuestión que preguntaron no pleno pasado e non que non se lles respostou, ó igual que os outros rogos e preguntas.





CONCELLO DE
OLEIROS

Preguntaban polo tema do saneamento e a rede de auga, porque existen moitas vivendas en Oleiros, con este plan xeral aprobado, que non están conectados ó saneamento, nin tampouco a traída, o que conleva que a auga sexa de pozo e o saneamento de fosa séptica, cos riscos obvios que iso implica para a saúde, non só para o propietario do pozo e da fosa séptica, senón tamén para os veciños que están ó seu carón.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, matizándolle ó grupo “Popular” que seguen coa teima das infraestruturas e neste caso é aínda mais grave que o exposto antes da zona norte, porque existe un gran vial como é a N-VI, con constantes melloras que se están a desenvolver e que, a súa vez, a comunica con tódalas variantes de estradas existentes que a unen con tódalas localidades do municipio. Este polígono industrial conta cunha rede eléctrica que tivo un custo duns 80 millóns das antigas pesetas, porque houbo que traer o fluído desde a central que teñen en Nós, lindando con Cambre, tamén os empresarios riveron que afrontar outros tantas pesetas para traelo, polo que no que atinxe á infraestrutura eléctrica é inmellorable e pode encherse o polígono de empresas que neste aspecto non terían ningún problema.

En canto á subministración de auga, nestes últimos anos renovouse a traída ó longo da N-VI e en Iñás, substituindo unha tubaxe de 10 a 30, polo que se está falando sen coñecemento e en canto ó dito polo concelleiro do PSOE, só dicirlle que non hai pozos e fosas sépticas, agás os que construíron clandestinamente no medio do monte naquel intre en que todo valía, porque llo permitiron pero diso xa hai moitísimos anos.

Neste intre prodúcese debate entre a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, e o alcalde, D. **Ángel García**, a respecto das infraestruturas da Ponte Pasaxe e tamén sobre a posibilidade de conexión con A Coruña usando transporte marítimo.

Tamén entre o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, e o alcalde, D. **Ángel García**, matizando o primeiro que en Nós non existe ningunha central eléctrica, senón unha subestación.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 27 de novembro de 2023, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **seis (06) abstencións** (catro (04) do grupo municipal “Popular” e dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“EXPEDIENTE: 2022/PLANEAM/000001 (FG núm. 688)

ASUNTO: Aprobación definitiva do estudo de detalle rúa Soñeira, 2 – parcela 6.2 do Plan Parcial I-33-R de Iñás

Con data 13 de novembro de 2023, a coordinadora de servizos urbanísticos do Concello de Oleiros emite un informe xurídico coa sinatura de conformidade da persoa que ocupa a Secretaría municipal, do seguinte teor literal (transcrición literal parcial):

“

1. OBXECTO DO INFORME





EXPEDIENTE	2022/PLANEAM/00001 (FG núm. 688)
DENOMINACIÓN	Estudo de detalle rúa Soñeira, 2 – parcela 6.2 do Plan Parcial I-33-R de Iñás
ENTIDADE PROMOTORA	Ecotek Refinish, S.L. (B-70.466.438)
ENTIDADE REDACTORA	Lucía Ladrón de Guevara Oliva (Arquitectura Ladrón de Guevara)
ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	Preséntase Estudio de Detalle para plantear unha actuación integral de ordenación interior da parcela 6.2 do Plan Parcial I-33-R de Iñás.
APROBACIÓN INICIAL	Resolución 2023003593, de 11 de xullo, coas seguintes condicións: Deberá facerse a correspondente corrección gráfica da información catastral conforme o replanteo da parcela. No plano PORD_01, débense definir as rasantes interiores da parcela que na zona de acceso deberán axustarse ás rasantes das entradas dende a rúa Soñeira. No plano PORD_02, as reixas sumidoiro que se sitúan no interior de cada unha das naves deberán conectarse á rede de fecais e non á de pluviais. En algúns directorios e ficheiros hai unha errata no código INE poñendo 150558 en vez de 15058. ficheiro de índice “INDEX” deberá incluírse nun directorio diferenciado “00.INDEX” tanto na carpeta de pdfs como na editable. Os ficheiros editables da documentación gráfica deberán estar en coordenadas no sistema de referencia ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989), fuso 29N. Deberán achegarse perfectamente configurados para posibilitar a súa impresión directa Todos os ficheiros pdf deberán estar asinados. Non é preciso que a firma sexa visible, e en caso de facerse visible non ocupará os espazos reservados nos formatos do Anexo 5 das NNTTPUG para outras sinaturas ou dilixencias. 6. O ficheiro de Memoria tanto na súa versión PDF como editable da problemas de lectura.
INFORMACIÓN PÚBLICA E NOTIF. PERSOAS TITULARES	DOG núm. 136, de 18 de xullo de 2023 La Opinión de 14 de xullo de 2023
ALEGACIÓNS	Non se presentan
PRESENTACIÓN DA VERSIÓN DEFINITIVA	2023020047, de 31 de outubro, informado favorablemente polo arquitecto municipal con data 10 de novembro.

2. NORMATIVA APLICABLE

Arts. 76,79 e 80 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Arts. 159,160, 187, 192, 193 e 194 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

3. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

a) Obxecto e contido do estudo de detalle

Dentro da categoría de outras figuras de planeamento a normativa urbanística vixente recolle a figura dos estudos de detalle. Así, estes poderán desenvolver o propio PXOM ou un plan parcial ou especial. En canto aos obxectivos, poderán ser calquera dos seguintes:

- Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes
- Ordenar os volumes edificables
- Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do plan





CONCELLO DE OLEIROS

Os estudos de detalle non poderán nalgún caso:

- Alterar o destino urbanístico do solo.
- Incrementar o aproveitamento urbanístico.
- Reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas (inclúe equipamentos públicos, infraestruturas, viais e espazos libres)
- Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente contempladas no plan que desenvolvan ou completen.
- Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.
- Parcelar o solo.
- Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.
- Establecer novos usos e ordenanzas.

Os estudos de detalle conterán os documentos xustificativos dos extremos sobre os que versen e, como mínimo, os seguintes:

- Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das esixencias legais e regulamentarias que lles sexan de aplicación.
Cando se modifique a disposición de volumes efectuarase un estudo comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudo de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do artigo anterior deste regulamento.
- Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o plan vixente.
- Planos de ordenación a escala adecuada e, como mínimo a 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican ou reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior, e análise gráfica dos volumes ordenados, no seu caso, comprensivo do seu ámbito e da súa contorna.
- Calquera outro documento que poida contribuir á xustificación da proposta.

A documentación do estudo de detalle formalizarase, como mínimo, nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital que será entregada á Administración correspondente.

cumprimento dos requisitos técnicos e de contido expostos foi comprobado polo informe do arquitecto técnico mencionado nos antecedentes administrativos que figuran neste informe. As condicións impostas na aprobación inicial foron corrixidas na versión entregada como definitiva.

b) Tramitación do estudo de detalle

i Iniciativa

Os estudos de detalle poderán ser formulados polas seguintes entidades:

- Os concellos
- A Administración autonómica
- Outros órganos competentes no ámbito urbanístico
- Polas particulares lexitimadas para facelo (artigo 80.1 da LSG): deberá acreditarse pola entidade promotora a aceptación polos propietarios ou propietarias que representen máis do 50% da superficie do ámbito de planeamento (artigo 66.b) da LSG).

Nestes casos, o documento deberá determinar a obrigação de conservación da urbanización, expresando se correrá a cargo do municipio, das futuras persoas ou entidades propietarias das parcelas ou das entidades promotoras da urbanización (artigo 66.a) da LSG).

No caso de que a obrigação de conservación da urbanización corra a cargo das futuras persoas ou entidades propietarias das parcelas ou das entidades promotoras da urbanización, indicarse o período de tempo ao que se estenderá dita obrigação.

No caso que nos ocupa, trátase dun estudo de detalle formulado pola promotora que se sinala no apartado 1 deste informe, e consta no expediente a lexitimación para presentar o devandito estudo.

ii Aprobación inicial e información pública

Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública por prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas





titulares catastrais dos terreos afectados. No seu caso, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos. Para o caso que concorre, non foi necesario solicitar informes sectoriais por non existir afectacións.

órgano competente para a súa aprobación inicial é a Alcaldía, en aplicación do artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Este estudo de detalle foi aprobado inicialmente mediante a resolución que se cita no apartado segundo deste informe, e levouse a cabo o trámite de información pública e as notificacións pertinentes consonte ao exposto no devandito apartado do informe.

Ha de terse en conta tamén que, en atención ao establecido no artigo 3.3.d).7º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico do persoal funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, é preceptivo o informe da Secretaría municipal para a aprobación, modificación ou derogación de convenios e instrumentos de planeamento e xestión urbanística como o que nos ocupa. Sinala o artigo 3.4 do citado Real Decreto que a emisión do informe da Secretaría poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes que fosen emitidos polos servizos do propio Concello e que figuren como informes xurídicos no expediente.

iii Aprobación definitiva

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobará o estudo de detalle definitivamente, coas modificacións que resultasen pertinentes (artigo 80.2 da LSG).

De conformidade co artigo 22.2 c) da Lei de Bases de Réxime Local, corresponde ao Pleno a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos devanditos instrumentos.

Durante o período de información pública non se presetaron alegacións.

Por outra banda, coa aprobación definitiva do instrumento, haberán de levarse a cabo as seguintes xestións administrativas para dar por finalizada a tramitación do estudo detalle:

- Dilixenciar o documento, indicando o número e data de entrada e deixando definido cal é o documento aprobado definitivamente.
- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia os apartados que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle.
- Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.
- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.
- Notificar ao promotor e ao equipo redactor.

Para finalizar, hase de ter en conta que o Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.

(...)"

Así, e vistas as conclusións do informe transcrito, nas que se indica que concorren os requisitos técnicos e xurídicos para a aprobación do estudo detalle indicado, propónse que o Pleno do Concello de Oleiros adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobación definitiva do estudo de detalle que a continuación se identifica:

EXPEDIENTE	2022/PLANEAM/00001 (FG núm. 688)
DENOMINACIÓN	Estudo de detalle rúa Soñeira, 2 – parcela 6.2 do Plan Parcial I-33-R de Iñás
ENTIDADE PROMOTORA	Ecotek Refinish, S.L. (B-70.466.438)
ENTIDADE REDACTORA	Lucía Ladrón de Guevara Oliva (Arquitectura Ladrón de Guevara)
ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	Preséntase Estudio de Detalle para plantear unha actuación integral de ordenación interior da parcela 6.2 do Plan Parcial I-33-R de Iñás.
APROBACIÓN INICIAL	Resolución 2023003593, de 11 de xullo, coas seguintes condicións:





	1. Deberá facerse a correspondente corrección gráfica da información catastral conforme o replanteo da parcela. 2. No plano PORD_01, débense definir as rasantes interiores da parcela que na zona de acceso deberán axustarse ás rasantes das entradas dende a rúa Soñeira. 3. No plano PORD_02, as reixas sumidoiro que se sitúan no interior de cada unha das naves deberán conectarse á rede de fecais e non á de pluviais. 4. En algúns directorios e ficheiros hai unha errata no código INE poñendo 150558 en vez de 15058. O ficheiro de índice "INDEX" deberá incluírse nun directorio diferenciado "00.INDEX" tanto na carpeta de pdfs como na editable. Os ficheiros editables da documentación gráfica deberán estar en coordenadas no sistema de referencia ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989), fuso 29N. Deberán achegarse perfectamente configurados para posibilitar a súa impresión directa 5. Todos os ficheiros pdf deberán estar asinados. Non é preciso que a firma sexa visible, e en caso de facerse visible non ocupará os espazos reservados nos formatos do Anexo 5 das NNTTPUG para outras sinaturas ou dilixencias. 6. O ficheiro de Memoria tanto na súa versión PDF como editable da problemas de lectura.
INFORMACIÓN PÚBLICA E NOTIF. PERSOAS TITULARES	DOG núm. 136, de 18 de xullo de 2023 La Opinión de 14 de xullo de 2023
ALEGACIÓNS	Non se presentan
PRESENTACIÓN DA VERSIÓN DEFINITIVA	2023020047, de 31 de outubro , informado favorablemente polo arquitecto municipal con data 10 de novembro.

SEGUNDO.- Dilixenciar o documento identificado no apartado anterior como "redacción definitiva", e arquivar tódolos documentos presentados con anterioridade.

TERCEIRO.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia os apartados que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle

CUARTO.- Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

QUINTO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

SEXTO.- Notificar ao promotor e ao equipo redactor, así como as persoas interesadas.

SÉTIMO.- O Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición."

Punto 4.- Aprobación definitiva, se procede, do estudo de detalle para axuste de aliñacións en Subiña – Serantes

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", D^a **M^a José Varela**, explicando que este estudio de detalle aprobouse de xeito inicial en xuño de 2023 promovido polo propio concello coa fin de





CONCELLO DE
OLEIROS

axustar aliñacións e mellorar o trazado entre a Rúa Subiña e a Rúa Trovadores. Dicar, que durante o período de exposición pública presentáronse catro alegacións nas que tres delas as propiedades presentan a mesma solicitando que o estudo de detalle non lles afecte en canto a unha posible minoración da superficie neta que nun futuro terá a súa parcela, respecto á que se produce conforme ó plan xeral e aliñación actual..

Con respecto ó alegado, informa o arquitecto municipal que logo de analizar a xeometría actual da aliñación vixente e a proposta no documento de aprobación inicial, faise unha proposta de axuste da aliñación no punto de contacto da parcela dos alegantes coa outra parcela afectada.

Tendo en conta que xusto nese punto prodúcese o acceso rodado á outra parcela, resulta posible manter a liña que trae o peche deste última antes do acceso ata o lindeiro coa parcela das alegacións, con isto a discontinuidade entre ambas aliñacións non se produce, ó coincidir co acceso e portalón da parcela e a parcelas das alegantes apenas sofren perda de superficie.

No que atinxe á outra alegación presentada e na que manifesta a súa disconformidade coa proposta de aliñación para a súa parcela por discrepar coa forma que tomaría a mesma, infórmase que a forma que toma a parcela é practicamente a mesma, con lixeiros axustes na súa fronte á Rúa Subiña, ademais mantense a superficie da parcela. En todo caso, unha vez revisada a proposta de aliñación desta parcela, pode axustarse a liña na fronte á Rúa Subiña facéndoa recta en vez da proposta inicial que fai un lixeiro quebro na mesma. A diferenza de superficie neta que se produce, pódese compensar no arco do acordo co aliñado da Rúa Trovadores, que se mantén sen alterar. Finalmente, informa o arquitecto municipal que se poden estimar as alegacións presentadas e en base a este informe, propónse aprobar definitivamente o estudo de detalle presentado.

Intervén a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, anunciando a abstención do seu grupo.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que como dí o alcalde descoñecen moitas cuestións municipais e, entre outras cousas, non lles quedou clara a opinión das afectadas e que presentaron esas alegación en canto ó proposto como solución desde o concello, polo que se van abster tamén.

Explica o alcalde, D. **Ángel García**, que se trata dunha obra municipal na que se deu máis ancho á estrada ampliando o acceso á urbanización que se está a desenvolver en Subiña, sen máis.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 27 de novembro de 2023, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **seis (06) abstencións** (catro (04) do grupo municipal “Popular” e dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“EXPEDIENTE: 2023/PLANEAM/000008 (FG núm. 723)

ASUNTO: aprobación definitiva do estudo de detalle para axuste de aliñacións en Subiña (Serantes)





CONCELLO DE
OLEIROS

Con data 21 de novembro de 2023 a coordinadora de servizos urbanísticos do Concello de Oleiros emite un informe xurídico coa sinatura de conformidade da persoa que ocupa a Secretaría municipal, do seguinte teor literal (*transcripción literal parcial*):

“

1. OBXECTO DO INFORME

EXPEDIENTE	2023/PLANEAM/000008 (FG núm. 723)
DENOMINACIÓN	estudo de detalle para axuste de aliñacións en Subiña (Serantes)
ENTIDADE PROMOTORA	Concello de Oleiros
ENTIDADE REDACTORA	Alfredo Olañeta Rebolleda, arquitecto do Concello de Oleiros
ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	Este documento ten como obxectivo único o reaxuste da aliñación do viario nun tramo da rúa Subiña, Serantes. O axuste a facer desta aliñación ten como criterio principal por un lado, respectar a sección mínima de 16 metros definida polo Plan Xeral para a rúa Subiña e de 8,80 metros para a rúa Trovadores. Por outra banda, búscase o axuste ós peches executados en base ás licenzas concedidas. Evítanse así que a terminación da rúa xere quebras e discontinuidades no fronte da rúa.
DATA E NRE REDACCIÓN INICIAL	Documento asinado o 28/06/2023
DATA E NRE REDACCIÓN DEFINITIVA	Documento asinado o 21/11/2023

2. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

INFORME DO ARQUITECTO MUNICIPAL	20 de novembro de 2023
APROBACIÓN INICIAL	Decreto 2023003664, de 14 de xullo
INFORMACIÓN PÚBLICA E NOTIF. PERSOAS TITULARES	Notificación a persoas interesadas, consta no expediente Anuncio en “La Opinión”, de 17 de xullo de 2023 Anuncio DOG núm. 147, de 3 de agosto de 2023
ALEGACIÓNS	Durante o período de exposición pública presentáronse as seguintes alegacións: - MARTA RODRIGUEZ RODRIGUEZ (R.E. Nº 2023014821 do 03.08.2023) - BELEN RODRIGUEZ RODRIGUEZ (R.E. Nº 2023014823 do 03.08.2023) - CRISTINA BLANCO VAZQUEZ (R.E. Nº 2023015317 do 11.08.2023) - MARÍA DOLORES RODRÍGUEZ LAVANDEIRA (R.E. Nº 2023016428 do 04.09.2023)
DATA E NRE REDACCIÓN DEFINITIVA	Documento asinado o 21/11/2023

3. NORMATIVA APLICABLE

- Arts. 76,79 e 80 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Arts. 159,160, 187, 192, 193 e 194 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

4. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

a. Obxecto e contido do estudo de detalle

Dentro da categoría de outras figuras de planeamento a normativa urbanística vixente recolle a figura dos estudos de detalle. Así, estes poderán desenvolver o propio PXOM ou un plan parcial ou especial. En canto aos obxectivos, poderán ser calquera dos seguintes:

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes





CONCELLO DE
OLEIROS

- b) Ordenar os volumes edificables
- c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do plan

Os estudos de detalle non poderán nalgún caso:

- a) Alterar o destino urbanístico do solo.
- b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.
- c) Reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas (inclúe equipamentos públicos, infraestruturas, viais e espazos libres)
- d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente contempladas no plan que desenvolvan ou completen.
- e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.
- f) Parcelar o solo.
- g) Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.
- h) Establecer novos usos e ordenanzas.

Os estudos de detalle conterán os documentos xustificativos dos extremos sobre os que versen e, como mínimo, os seguintes:

- a) Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das esixencias legais e regulamentarias que lles sexan de aplicación.

Cando se modifique a disposición de volumes efectuarase un estudo comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudo de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do artigo anterior deste regulamento.

- b) Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o plan vixente.
- c) Planos de ordenación a escala adecuada e, como mínimo a 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican ou reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior, e análise gráfica dos volumes ordenados, no seu caso, comprensivo do seu ámbito e da súa contorna.
- d) Calquera outro documento que poida contribuír á xustificación da proposta.

A documentación do estudo de detalle formalizarase, como mínimo, nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital que será entregada á Administración correspondente.

O cumprimento dos requisitos técnicos e de contido expostos foi comprobado polo informe do arquitecto técnico mencionado nos antecedentes administrativos que figuran neste informe.

b) Tramitación do estudo de detalle

i. Iniciativa

Os estudos de detalle poderán ser formulados polas seguintes entidades:

- Os concellos
- A Administración autonómica
- Outros órganos competentes no ámbito urbanístico
- Polas particulares lexitimadas para facelo (artigo 80.1 da LSG): deberá acreditarse pola entidade promotora a aceptación polos propietarios ou propietarias que representen máis do 50% da superficie do ámbito de planeamento (artigo 66.b) da LSG).

Nestes casos, o documento deberá determinar a obrigação de conservación da urbanización, expresando se correrá a cargo do municipio, das futuras persoas ou entidades propietarias das parcelas ou das entidades promotoras da urbanización (artigo 66.a) da LSG).

No caso de que a obrigação de conservación da urbanización corra a cargo das futuras persoas ou entidades propietarias das parcelas ou das entidades promotoras da urbanización, indicarse o período de tempo ao que se estenderá dita obrigação.

No caso de que nos ocupa, trátase dun estudo de detalle formulado por iniciativa do Concello de Oleiros.





ii. Aprobación inicial e información pública

Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública por prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. No seu caso, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos. Para o caso que concorre, non se solicitaron informes sectoriais por non existir afección que os esixa.

O órgano competente para a súa aprobación inicial é a Alcaldía, en aplicación do artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Este estudo de detalle foi aprobado inicialmente mediante a resolución que se cita no apartado segundo deste informe, e levouse a cabo o trámite de información pública e as notificacións pertinentes consonte ao exposto no devandito apartado do informe.

Ha de terse en conta tamén que, en atención ao establecido no artigo 3.3.d). 7º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico do persoal funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, é preceptivo o informe da Secretaría municipal para a aprobación, modificación ou derogación de convenios e instrumentos de planeamento e xestión urbanística como o que nos ocupa. Sinala o artigo 3.4 do citado Real Decreto que a emisión do informe da Secretaría poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes que fosen emitidos polos servizos do propio Concello e que figuren como informes xurídicos no expediente

iii. Aprobación definitiva

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobará o estudo de detalle definitivamente, coas modificacións que resultasen pertinentes (artigo 80.2 da LSG).

De conformidade co artigo 22.2 c) da Lei de Bases de Réxime Local, corresponde ao Pleno a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos devanditos instrumentos. Durante o período de exposición pública presentáronse as seguintes alegacións:

- MARTA RODRIGUEZ RODRIGUEZ (R.E. Nº 2023014821 do 03.08.2023)
- BELEN RODRIGUEZ RODRIGUEZ (R.E. Nº 2023014823 do 03.08.2023)
- CRISTINA BLANCO VAZQUEZ (R.E. Nº 2023015317 do 11.08.2023)
- MARÍA DOLORES RODRÍGUEZ LAVANDEIRA (R.E. Nº 2023016428 do 04.09.2023)

En relación coas alegacións de MARTA RODRIGUEZ RODRIGUEZ, BELEN RODRIGUEZ RODRIGUEZ e MARÍA DOLORES RODRÍGUEZ LAVANDEIRA (R.E. Nº 2023016428 do 04.09.2023), indicou o seguinte o arquitecto municipal no seu informe de 20 de novembro:


“Os tres copropietarios presentan a mesma alegación solicitando que o estudio de detalle non lles afecte diminuíndo a superficie neta que nun futuro terá a súa parcela con respecto á que se produce conforme ó Plan Xeral e aliñación actual.

Con respecto ó alegado, e logo de analizala xeometría actual da aliñación vixente e a proposta no documento de aprobación inicial, faise unha proposta de axuste da aliñación no punto de contacto da parcela dos alegantes (4439302NJ5043N) coa parcela (parcela catastral 4339411NJ5043N).

Tendo en conta que xusto neste punto se produce o acceso rodado á parcela 4339411NJ5043N, resulta posible mantela liña que trae o peche desta última parcela antes do acceso ata o lindeiro coa parcela 4339302NJ5043N. Con isto a discontinuidade entre ambas aliñacións non se produce ó coincidir co acceso e portalón da parcela e a parcela dos alegantes apenas sufre perda de superficie.



Na seguinte imaxe compárase a proposta da aprobación inicial co proposto neste informe.

Proposta aprobación inicial	Proposta informe
	
Diminución sup. Neta: aprox. 7 m ²	Diminución sup. Practicamente nula <0,20 m ² .

En relación coa alegación de CRISTINA BLANCO VAZQUEZ, indica o arquitecto municipal:

“Preséntase un escrito que tan solo manifesta a desconformidade coa proposta de aliñación para a súa parcela por discrepar coa forma que tomaría a mesma.

A forma que toma a parcela é practicamente a mesma con lixeiros axustes no seu fronte á rúa Subiña e ademais se mantén a superficie da parcela. En todo caso, unha vez revisada a proposta da aliñación desta parcela, pode axustarse a liña no fronte á rúa Subiña facéndoa recta en vez da proposta inicial que fai un lixeiro quebro na mesma. A diferenza de superficie neta que se produce pódese compensar no arco de acordo coa aliñación da rúa Trovadores que se mantén sen alterar.”

Por outra banda, coa aprobación definitiva do instrumento, haberán de levarse a cabo as seguintes xestións administrativas para dar por finalizada a tramitación do estudo detalle:

1. Dilixenciar o documento, indicando o número e data de entrada e deixando definido cal é o documento aprobado definitivamente.
2. Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o contido da normativa do Estudo de Detalle
3. Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.
4. Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.
5. Notificar ao promotor e ao equipo redactor.

Para finalizar, hase de ter en conta que o Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.

(...)”





CONCELLO DE
OLEIROS

Así, e vistas as conclusións do informe transcrito, nas que se indica que concorren os requisitos técnicos e xurídicos para a aprobación do estudo detalle indicado, propónse que o Pleno do Concello de Oleiros adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Estimar as alegacións presentadas polas seguintes persoas, en atención ao que se indica a continuación, que é acorde ao alegado o arquitecto municipal no seu informe de 20 de novembro de 2023:

- MARTA RODRIGUEZ RODRIGUEZ (R.E. Nº 2023014821 do 03.08.2023)
- BELEN RODRIGUEZ RODRIGUEZ (R.E. Nº 2023014823 do 03.08.2023)
- MARÍA DOLORES RODRÍGUEZ LAVANDEIRA (R.E. Nº 2023016428 do 04.09.2023)

Realízase un axuste da aliñación no punto de contacto da parcela dos alegantes (4439302NJ5043N) coa parcela (parcela catastral 4339411NJ5043N).

Tendo en conta que xusto neste punto se produce o acceso rodado á parcela 4339411NJ5043N, resulta posible mantela liña que trae o peche desta última parcela antes do acceso ata o lindeiro coa parcela 4439302NJ5043N. Con isto a discontinuidade entre ambas aliñacións non se produce ó coincidir co acceso e portalón da parcela e a parcela dos alegantes apenas sofre perda de superficie. Na seguinte imaxe compárase a proposta da aprobación inicial coa que se aproba de xeito definitivo..

Proposta aprobación inicial	Proposta informe
	
Diminución sup. Neta: aprox. 7 m ²	Diminución sup. Practicamente nula <0,20 m ² .

- CRISTINA BLANCO VAZQUEZ (R.E. Nº 2023015317 do 11.08.2023), unha vez revisada a proposta da aliñación da parcela da alegante, pode axustarse a liña na fronte á rúa Subiña facéndoa recta en vez da proposta inicial que fai un lixeiro quebro na mesma. A diferenza de superficie neta que se produce pódese compensar no arco de acordo coa aliñación da rúa Trovadores que se manteñen sen alterar.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle que a continuación se identifica:

EXPEDIENTE	2023/PLANEAM/000008 (FG núm. 723)
DENOMINACIÓN	estudo de detalle para axuste de aliñacións en Subiña (Serantes)
ENTIDADE PROMOTORA	Concello de Oleiros
ENTIDADE REDACTORA	Alfredo Olañeta Rebolleda, arquitecto do Concello de Oleiros





ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	Este documento ten como obxectivo único o reaxuste da aliñación do viario nun tramo da rúa Subiña, Serantes. O axuste a facer desta aliñación ten como criterio principal por un lado, respectar a sección mínima de 16 metros definida polo Plan Xeral para a rúa Subiña e de 8,80 metros para a rúa Trovadores. Por outra banda, búscase o axuste ós peches executados en base ás licenzas concedidas. Evítanse así que a terminación da rúa xere quebras e discontinuidades no fronte da rúa.
DATA E NRE REDACCIÓN DEFINITIVA	Documento asinado o 21/11/2023

TERCEIRO.- dilixenciar o documento identificado no apartado anterior como “redacción definitiva”, e arquivar tódolos documentos presentados con anterioridade.

CUARTO.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o contido da normativa do Estudo de Detalle.

QUINTO.- Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

SEXTO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

SÉTIMO.- Notificar ao promotor e ao equipo redactor, así como as persoas interesadas.

OITAVO.- O Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”

Punto 5.- Aprobación, se procede, da modificación da composición da mesa de contratación, de carácter permanente, para asuntos de competencia plenaria

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que dado que a TAE de contratación que fora nomeada membro da Mesa de Contratación permanente para asuntos de competencia plenaria xa non é funcionaria deste concello, propónse nomear a Marcos Veiga Rodríguez, Xefe do Servizo de Interior, na súa substitución.

Intervén a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, manifestando que nada teñen en contra do técnico municipal que substitúe á anterior, pero como xa dixerón noutras moitas ocasións, para unha mellor transparencia nos procedementos de contratación deberían formar parte desta Mesa de Contratación membros da oposición, a pesares de que para a avaliación dos proxectos preténdase buscar perfís técnicos.

Saben do seu carácter público tal e como se recordou na comisión, pero aproveita para solicitar que agradecerían que se comuniquen as súas convocatorias.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, manifestando que o seu grupo considera que temas tan sensibles como a transparencia, as boas prácticas e demais, aportan máis democracia ó funcionamento das institucións contribuíndo a evitar o descrédito.





CONCELLO DE
OLEIROS

O alcalde recorre en moitas ocasións a citar malas prácticas noutros concellos e por exemplo, convidaríao a tomar nota doutros ben cercanos e tomar como referencia a xunta de goberno do Concello da Coruña, na que están representados tódolos grupos da corporación municipal.

Ese tipo de prácticas axuda a quen goberna, fágao en maioría ou minoría, para unha mellor xestión porque a oposición non está só para facer demagogia, como case sempre acusa o alcalde, senón para realizar un labor de oposición incluso propositiva para que o goberno municipal sexa mellor e para que os cidadáns, que votaron outras opcións políticas, teñan máis confianza nos seus representantes públicos.

Polo tanto, sería oportuno que tanto nas xuntas de goberno coma nas mesas de contratación se lles permitise asistir ou, como mínimo, que nas mesas de contratación se lles informe coa suficiente antelación dos asuntos que se van tratar para que, como sinala a súa compañeira, facendo un esforzo e buscando un oco na súa xornada laboral poidan asistir a aquelas que consideren na que se vai tratar algo relevante.

Seguirán reiterando esta petición cantas veces faga falla e esperan que, ó igual que aconteceu coas intervencións nas actas das sesións plenarias, se vaian corrixindo cuestións.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, dicindo que neste concello sempre houbo boas prácticas porque conta cuns bos técnicos que velan que se cumpra a lei e ademais dicir que as comisións son públicas, non só para os políticos senón tamén para calquera cidadán ¿Onde está o oscurantismo? Insiste en que son de carácter aberto e ás que pode asistir calquera, ademais de anunciarse públicamente.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que o seu grupo entende que este asunto é un tema ordinario de procedemento, a substitución dunha técnica por outro, pero a súa pregunta xira en canto a un asunto que consideran importante, ó se producir esta vacante chegará a afectar ó departamento de contratación provocando retraso nos procedementos.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que pode ser que produza algún retraso, pero a vacante vaise convocar de xeito inmediato e veu producida porque a técnica en cuestión aprobou unha praza fixa no Concello da Coruña, aquí ocupaba unha praza interina, pero insiste en que se está activando o proceso, pero como saben tamén leva o seu tempo.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 27 de novembro de 2023, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **seis (06) votos en contra** (catro (04) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Ángel García Seoane, alcalde do Concello de Oleiros, propoño ó Pleno da Corporación que tome o seguinte acordo:





CONCELLO DE
OLEIROS

Por acordo plenario de data 26 de xuño do 2023 constituíuse a Mesa de Contratación Permanente de asuntos de competencia plenaria.

Tendo en conta que a TAE de contratación que foi designada como integrante da Mesa xa non é funcionara deste Concello, faise necesario modificar a composición da Mesa de Contratación Permanente de asuntos de competencia plenaria, substituíndo a esta vogal; polo que,

Proponse a adopción dos acordos seguintes:

Primeiro.- Modificar a composición da Mesa de Contratación Permanente do órgano de contratación pleno do Concello de Oleiros, que actúa como órgano de asistencia do órgano de contratación competente en todos os contratos que asine esta entidade local e sexan obxecto de adxudicación mediante procedemento aberto, aberto simplificado, restrinxido, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación.

Segundo.- A Mesa de Contratación Permanente, quedará coa seguinte composición:

- **Presidenta.-** D^a Sandra Fernández Fernández (concelleira).

- **Vogais:**

- D. Vicente José Calvo del Castillo, interventor municipal.

- D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria municipal.

- D. Marcos Veiga Rodríguez, Xefe Servizo Interior.

- **Secretario.-** José M. Díaz García, administrativo do área de contratación.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, o réxime de suplencias das persoas que compoñen a Mesa de Contratación Permanente será o seguinte:

- **Presidente.-** D. Antonio Molinos Marcote, Concelleiro.

- **Vogais:**

- Técnico/a municipal a nomear pola Dirección Xeral de Admón. Local que substitúa ó interventor municipal.

- Técnico/a municipal a nomear pola Dirección Xeral de Admón. Local que substitúa á secretaria municipal.

- D^a Susana Miranda Fernández, Responsable da Unidade Xurídica da Área de Cultura, Ensino, Deportes, Formación, Emprego, Xuventude e Normalización Lingüística.

- **Secretario.-** Iago A. López Álvarez, auxiliar administrativo do área de contratación.

Terceiro.- Ordenar a publicación dos presentes acordos no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Taboleiro de Anuncios sito na Sede Electrónica Municipal, así como no Perfil do Contratante.

Cuarto.- Dar traslado da modificación ás persoas que forman parte da Mesa de Contratación Permanente."

Punto 6.- Dar conta da información remitida ao Ministerio de facenda relativa á execución do orzamento e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, correspondentes ao 3º trimestre de 2023

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* da información remitida ó Ministerio de Facenda e AAPP relativa á execución e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, correspondente ó 3º trimestre de 2023.

Punto 7.- Dar conta da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ó 3º trimestre de 2023





CONCELLO DE
OLEIROS

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ó 3º trimestre de 2023.

Punto 8.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2023005261 ata o nº 202300597 (ambos incluídos)

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2023005261 ata o nº 202300597 (ambos incluídos).

Punto 9.- Mocións, rogos e preguntas

- **mocións**

Neste intre o alcalde, D. **Ángel García**, sinala que existen varias mocións, empezando polas presentadas polo grupo municipal “Popular”, que inicia a quenda, lembrando que contan con cinco minutos para cada unha delas.

Intervén a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que neste punto gustaríalles poñer de manifesto o por qué non se sumaron ó manifesto lido ó inicio desta sesión plenaria sobre o tema do 25-N e non é outro que xa tiñan presentada unha moción por rexistro sobre un tema tan importante e no que cre que todos os grupos están de acordo en que chegue un tempo en que haxa cero vítimas por violencia de xénero.

Os matices concrétnanse en pequenas cuestións de redacción e nas que cre que se puido chegar a un acordo de xeito doado, por iso volven insistir en que os manifestos que se pretendan presentar en forma de declaración institucional poidan ser debatidas e tratadas previamente polos grupos municipais.

Entenden que é un tema que atañe a homes e mulleres, loitando ata acadar ese obxectivo ‘cero’ e isto só se pode conseguir a través da educación, coa implicación dos políticos e políticas, de tódalas institucións e axentes sociais. Neste intre, pasa de seguido a dar lectura á moción que tiñan presentada por rexistro que, como xa dixo, é xenérica e poderían tela unido á outra si se houberan modificado certos aspectos.

9.1.- Moción do grupo municipal “Popular” conmemorativa do 25 de novembro, día internacional da eliminación da violencia contra as mullers

Procede a dar lectura ó texto da moción do grupo “Popular” a súa voceira, D^a **M^a Dolores Silva**:

“Como cada 25 de novembro, conmemoramos o día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres. Dita data foi instaurada por primeira vez fai 30 anos pola Organización das Nacións Unidas.

Este tipo de violencia é unha das violencias contras os dereitos humanos máis estendida do mundo actual, producindo cada día situacións dramáticas. Por iso, é necesario que toda a sociedade se implique para previr esta violencia, identificala e recoñecer os seus sinais.

Todos os días debemos lembrarnos de todas as mulleres que a sofren directa ou indirectamente. Cómpre lembrar dunha maneira especial a todas é cada unha delas, en especial ás vítimas galegas falecidas este ano por este drama.





CONCELLO DE
OLEIROS

A violencia de xénero prodúcese cada día en todos os recunchos do planeta e ten graves consecuencias físicas, psicolóxicas, sociais e económicas sobre as mulleres.

A loita contra a violencia de xénero debe ser integral e debe contar coa implicación do conxunto da sociedade, especialmente cos poderes públicos e coas administracións, sexan internacionais, nacionais, autonómicas, provinciais e por suposto, locais.

Dende as administracións debemos seguir avanzando na promoción de políticas públicas e no impulso de instrumentos legais dirixidos a eliminar as diferentes formas de discriminación por razóns de xénero.

Por todo o exposto, o grupo municipal “Popular” de Oleiros propón o seguinte acordo:

- Expresar o seu rexeitamento contra todo tipo de violencia contra as mulleres.
- Elaborar un estudio xurídico no ámbito das ordenanzas municipais para que teñan perspectiva de xénero.
- Promover campañas divulgativas contra a violencia de xénero, así como o establecemento de puntos seguros e de información sobre a violencia sexual en espazos públicos.
- Incrementar a vixilancia por parte da Policía Local en colaboración con outras Forzas e Corpos de Seguridade do Estado nos denominados puntos negros.
- Convocar as Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia.
- Instar á Xunta de Galicia a fomentar a Rede Galega de Entidades Locais contra a violencia de xénero e a seguir colaborando na formación de persoal municipal no ámbito da igualdade e da loita contra a violencia de xénero.
- Instar ó Goberno de España ó cumprimento efecto do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, impulsando as modificacións lexislativas pendentes e adoptando as medidas recollidas neste pacto en materia de prevención, detección e atención integral.”

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalándolle á voceira do grupo “Popular” que tiveron o manifesto con tempo suficiente porque está remitido desde o día 24 deste mes, tempo máis que suficiente como para facer observacións ou matices para tratar de chegar a un acordo que, por certo, na Deputación provincial un só día chegou para que os catro grupos provinciais chegasen a acordo e se dese lectura a unha declaración institucional sobre este asunto.

Contesta a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que neste caso é certo que o tempo non foi o motivo de non chegar a acordo senón que con na xuntaza da comisión informativa fixeron unha serie de matices e como non se aceptaban, se lles contestou que logo presentarían o texto proposto como manifesto

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **doce (12) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).





CONCELLO DE
OLEIROS

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexeitar* tratar a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

9.2.- Moción do grupo municipal “Popular” en canto ó saneamento do Porto de Lorbé e dos negocios e vivendas da súa contorna

Procede a dar lectura ó texto da moción do grupo “Popular” o seu concelleiro, D. **Antonio Corredoira**:

“As redes de saneamento son competencia exclusiva dos concellos, debendo proporcionarlas, non só os grandes núcleos de poboación, senón tamén os núcleos ruraais e, incluso, ás vivendas que como consecuencia do novo planeamento, quedaran fóra de ordenación; do contrario, estaríase privilexiando á poboación máis rica, afondando na brecha social e na despoboación do rural.

Desde hai décadas, o porto de Lorbé, os negocios e as vivendas da súa contorna, carecen de saneamento, pese a que pagan os seus impostos municipais, obrigándolles a custearse o frecuente baleirado das súas fosas sépticas.

Recentemente, a Xunta de Galicia cumpriu o seu compromiso, que non obriga, de instalar as canalizacións para o saneamento baixo as obras dos novos accesos ó porto. De nada serve este importante investimento autonómico se non se conectan as canalizacións á rede municipal e se instala a correspondente estación de bombeo, resulta logo urxente a acometida destas obras.

Esta é unha ineludible competencia municipal e xa está ben de derivar culpas á Xunta de Galicia en asuntos que non son da súa competencia.

Por isto, propoñemos ó pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Agradecer á Xunta de Galicia a canalización para o saneamento realizada baixo os novos accesos ó porto de Lorbé.
- 2.- Conectar de xeito urxente as canalizacións instaladas pola Xunta de Galicia coa rede de saneamento municipal e instalar, canto antes, a estación de bombeo para dito saneamento”.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, só para sinalar que de momento os portos non son de competencia dos concellos e ademáis trátase dun vertido que se fai ó mar e a unha zona acuícola.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **doce (12) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexeitar* tratar a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

9.3.- Moción do grupo municipal “Socialista” encol do 25 de novembro, día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres

Andes de proceder a dar lectura ó texto da moción presentada a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinala que están de acordo co manifesto presentado polo grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”





CONCELLO DE
OLEIROS

pero parécelles un brinde ó sol porque non conta con propostas e entenden que queda moito por facer para evitar que non as maten.

De seguido, procede a dar lectura ó texto da súa moción:

“A violencia machista é a consecuencia máis terrible da desigualdade. E ademais a sofre unha gran cantidade de mulleres no mundo. En España, segundo a última macroenquisa de violencia contra a muller, 1 de cada 2 mulleres sufriu algún tipo de violencia por razón de xénero, así si neste plenario son 12 mulleres, 6 delas teñen sufrido algún tipo de violencia por razón de xénero, un dato a ter en conta e non para abordar con presa, sr. alcalde.

Dende o 1 de xaneiro do 2003, data na que se empezaron a contabilizar, foron asasinadas en España 1.239 mulleres vítimas da violencia xénero e non están todas contabilizadas. Este ano 2023 esta sendo especialmente duro con 53 mulleres asasinadas, ata agora, no Estado e 2 en Galicia.

O asasinato é a expresión máis dramática da violencia contra as mulleres, pero non á única pois as mulleres sufrimos cada día diferentes formas de violencia machista.

Ao longo da historia a violencia exercida contra as mulleres foi obxecto de diferentes nomeamentos, buscando ocultar as causas reais desta lacra. E aínda hoxe segue facéndose dende a extrema dereita española, pero o máis grave é que as súas teses xa se están poñendo en práctica nas institucións, nos concellos e nas comunidades autónomas onde gobernan e teno que dicir, da man do Partido Popular.

A razón é que o que non se ve, non existe. Polo que dar visibilidade á violencia de xénero non é un xesto, non é unha imaxe, é unha mensaxe ás vítimas, aos agresores e ao conxunto da sociedade.

Se a Lei Orgánica 1/2004, dun Goberno Socialista, supuxo que a violencia contra as mulleres deixase de ser un delicto invisible, agora e de novo dende PSOE iniciouse o traballo necesario para combater todas as caras do proxenetismo e da prostitución, pois non podemos esquecer que a explotación sexual é unha das formas máis brutais de violencia contra as mulleres.

Ademais a violencia sexual é unha forma de violencia machista iceberg, pois menos do 10% das mulleres que sufriron violencia sexual a denunciaron ante a policía ou nun xulgado sendo os principais motivos dese silencio a vergoña e o medo a non ser cridas. Aínda así no ano 2022 en Galicia as audiencias galegas xulgaron a dúas persoas á semana por delitos sexuais, e o peor é que o 65,6 % desas 93 denunciante eran menores de idade, e na maioría dos casos tiñan relación previa cos acusados, os cales case sempre formaban parte do seu círculo máis próximo incluso o familiar.

Pero os datos dos xulgados galegos máis recentes, que van en consonancia cos arroxados polo Ministerio de Interior no seu balance de criminalidade do primeiro trimestre do ano 2023, reflicten que os delitos contra a liberdade sexual creceron en Galicia case un 30%.

Todas as voces expertas apuntan a perda do medo a denunciar como factor para explicar este incremento (a pesar de que se supón que só se denuncia o 2% das agresións sexuais), pero advirten tamén dunha nova peculiaridade neses delitos, cada vez en maior medida, os cometen os menores.

Expertos e expertas alertan dos riscos que o fácil acceso dos menores a unha pornografía violenta entraña para a educación afectivo-sexual destes nenos e adolescentes e os efectos que ten nas relacións cos seus pares nenas e adolescentes.

As tecnoloxías, a pesar da súa enorme contribución ao progreso, estanse rebelando tamén como unha nova e potente ferramenta de violencia contra as mulleres, particularmente contra as máis novas. As TICs aparecen implicadas en algo máis dun terzo dos casos de violencia contra as nenas ou adolescentes (nun 39,3%).

Para facerlle fronte a violencia contra as mulleres, neste ano 2023, o Goberno de España destinou a Galicia máis de 14,7 millóns de euros, dos cales, 13 millóns de euros irán destinados á Xunta de Galicia e 1,7 millóns, aos concellos.

Está moi claro que dende os concellos temos a obriga de velar pola seguridade e os dereitos dos cidadáns e cidadás, garantindo contornas libres de violencia, e que ademais debemos protexer ás vítimas.





CONCELLO DE
OLEIROS

No Pleno anterior, ese no que o Sr Alcalde García fixo alarde da súa absoluta falla de democracia amordazando á oposición, impedíndonos falar o pechar a sesión antes de rematar para non ter que responder as preguntas e rogos da oposición, non lle interesaban politicamente eses temas, será que ten moito que esconder...Pois ben nese pleno o grupo municipal socialista a través dunha emenda de adición presentada a unha moción do GM do BNG, conseguiu que se aprobaran por unanimidade tres medidas moi importantes para loitar contra a violencia contra as mulleres:

- Dotar a Oleiros a maior brevidade posible dun CIM.
- Asegurar a dotación necesaria de policía local para asegurar o normal funcionamento do programa Viagem.
- Acercar a nosa mocidade a educación e formación necesaria fronte a pornografía así como a difusión dos perigos sexuais nas redes e hoxe dende O GM Socialista queremos seguir propoñendo ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

- 1.- Ratificar o compromiso deste Concello coa erradicación e prevención da violencia machista en todas as súas expresións pero, moi especialmente na prostitución.
- 2.- Apoiar as iniciativas de sensibilización e educación en igualdade e prevención da violencia machista e en particular da violencia sexual, poñendo unha atención especial na infancia, adolescencia e mocidade
- 3.- Ampliar a difusión dos recursos existentes para atender casos de violencia contra as mulleres entre a poboación en xeral, as familias e os equipos de profesionais.
- 4.- Contribuír de xeito activo á implementación do contido do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
- 5.- Colaborar co tecido asociativo que traballa pola igualdade e a loita contra a violencia machista."

Antes de pasar á votación da declaración da urxencia o alcalde, D. **Ángel García**, sinala que como preámbulo a esta sesión plenaria deuse lectura a un manifesto onde se relacionaban tódalas vicisitudes e desgrazas que está a padecer a muller no Estado español, polo que non van redundar no mesmo.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal "Socialista"; catro (04) do grupo municipal "Popular" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **doce (12) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* tratar a moción presentada polo grupo municipal "Socialista".

9.4.- Moción do grupo municipal "Socialista" encol da posta en marcha dun portal de transparencia que facilite a participación cidadá na toma de decisión e o coñecemento da realidade de Oleiros

Intervén o concelleiro do grupo "Socialista", D. **Jesús Fernández**, sinalando que hai cinco minutos non puido matizar, dicir que San Marcos é unha subestación eléctrica e polo tanto, non produce é só para que se saiba.

De seguido, procede a dar lectura ó texto da moción presentada a través do rexistro municipal:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española dispón no punto b) do artigo 105 o acceso dos cidadáns aos arquivos e rexistros administrativos, salvo no que afecte á seguridade e defensa do Estado, a investigación dos delitos e a intimidade das persoas.





CONCELLO DE OLEIROS

De acordo ao anterior a lexislación foi evolucionando para facilitar a transparencia e a credibilidade das institucións aos ollos da cidadanía comprometida que achega e a súa vez exige. Así temos a a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e a Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser eixos fundamentais de toda acción política.

Se os cidadáns coñecen como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúa o goberno municipal, empézase a responder a unha sociedade crítica, esixente e que demanda participación na toma de decisións.

A transparencia é unha ferramenta que reforza o carácter democrático das administracións públicas ao facilitar o control cidadán, que pode acadar maior participación e opinión ao ter datos fiables.

A máis transparencia, maior garantía de cumprimento dun programa de goberno porque se poderá avaliar segundo indicadores de cumprimento.

Máis aló do feito de que exista unha lei que "obrigue", unha sociedade moderna, culta e comprometida como a de Oleiros esixe que a administración sexa transparente para acadar unha sociedade mellor, máis informada, máis esixente e máis participativa, conseguindo así un verdadeiro goberno aberto.

Nas bases de execución orzamentaria de Oleiros, ano tras ano, faise referencia a un portal de transparencia que a día de hoxe non existe.

Por todo isto e máis, urxe a creación dun Portal da Transparencia do Concello de Oleiros.

Do orzamento para o ano 2024 que propón este Goberno municipal, 501.225 € van a adicarse ao pago dos 12 concelleiros máis o Alcalde. Alcalde que por certo negouse a aceptar a nosa proposta de que cobrase da Deputación de A Coruña para aliviar o peto dos oleirenses. Por outra banda os 7 asesores que contratan a dedo van custar no ano 2024 187.865 €. É dicir, Goberno municipal e asesores van supoñerlle un custo total aos oleirenses de 689.090 €, o que supón nada menos que o 1,6 % do total do orzamento, e 18,5 € ano por veciño.

É importante pois coñecer os motivos de tales contratos discrecionais, o curriculum e experiencia previa que teñen, as tarefas que desenvolven e que rindan contas do seu traballo.

Por outra banda é importante coñecer cal é o curriculum e experiencia dos concelleiros e o propio alcalde, así como cal é a súa declaración de bens, e como evolucionou dende que son representantes públicos.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista de Oleiros solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- O Pleno da Corporación Municipal de Oleiros aproba a creación inmediata dun Portal de Transparencia que facilite o seguemento e a participación cidadá e de respostas a unha cidadanía culta, esixente e comprometida como é a de Oleiros.
- 2.- O Pleno da Corporación Municipal de Oleiros aproba que se publique no Portal de Transparencia de Oleiros o curriculum e experiencia dos concelleiros e do propio alcalde, así como a dos asesores municipais contratados discrecionalmente.
- 3.- O Pleno da Corporación Municipal de Oleiros aproba que se publique no Portal de Transparencia de Oleiros a declaración de bens dos concelleiros e o alcalde cando tomaron posesión por primeira vez e a actual para coñecer como evolucionou a súa situación patrimonial dende que son representantes públicos.
- 4.- O Pleno da Corporación Municipal de Oleiros aproba que se lle de publicidade ao nivel de execución presupuestaria e ás bases de execución orzamentaria a través do Portal de Transparencia de Oleiros.
- 5.- O Pleno da Corporación Municipal de Oleiros aproba que se publique no Portal de Transparencia de Oleiros unha Memoria de xestión que xustifique o coste e rendemento dos servizos públicos, incluído unha memoria demostrativa do grao de cumprimento dos obxectivos programados, con indicación dos previstos e acadados e o custo dos mesmos."

Votación da urxencia





CONCELLO DE
OLEIROS

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **doce (12) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexeitar* tratar a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

9.5.- Moción do grupo municipal “Socialista” pola paz social

Procede a dar lectura á moción presentada a través do rexistro xeral a voceira do grupo “Socialista”, D^a M^a **Carmen Acuña**, que di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sociedade galega debera caracterizarse pola pluralidade, a diversidade, o respecto e a tolerancia garantidas ademais na nosa Carta Magna.

Valores que deben ser defendidos por todas e todos aqueles que creen na democracia e na convivencia. Conformando así unha sociedade na que o odio, o ataque e a hostilidade non deben ter cabida.

As discrepancias e as diferenzas políticas que por suposto existen nunha sociedade aberta e respectuosa como a do noso Concello, temos que abordalas sempre a través do diálogo e da tolerancia, afastándonos dos comportamentos irracionais, caciquís e antidemocráticos.

As institucións máis próximas como é a administración municipal debe ser modélica e dar exemplo de tolerancia en todas as súas accións e moi especialmente o propio Pleno Municipal, para que a normalidade democrática se traslade a cidadanía e se viva con normalidade nas nosas rúas.

Pola contra se dende aquí damos exemplo de intolerancia e utilizamos modos e talantes antidemocráticos, tamén vai ter repercusión entre a nosa veciñanza, crispando e violentando a nosa vida política.

Non e admisible que se profiran insultos, ameazas e descalificacións neste órgano de máxima representación da política municipal, nin do público asistente como xa ten ocorrido, nin dos membros da corporación contra as persoas que conforman a oposición política.

Nin tampouco é asumible comportamentos e manifestacións amedrentadoras diante da sede de ningún partido político nin que se atente contra o seu mobiliario como ten ocorrido na sede do partido socialista de Oleiros.

Non podemos esquecer que temos o marco da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia como normas fundamentais da nosa convivencia como pobo.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista de Oleiros solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- Condenar os ataques contra as sedes socialistas, así como as ameazas, insultos e ataques aos seus membros.
- 2.- Pedir que se poña fin aos discursos de odio que fomenten comportamentos hostís contra os partidos políticos democráticos e os seus membros.
- 3.- Mostrar o seu apoio ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado no cumprimento efectivo das súas funcións e na defensa da orde pública constitucional.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **seis (06) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista” e catro (04) do grupo municipal “Popular”); **unha (01)**





CONCELLO DE
OLEIROS

abstención (unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **doce (12) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexeitar* tratar a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

9.6.- Moción do grupo municipal “Socialista” para poñer en marcha medidas efectivas para a mellora da xestión da recollida de residuos no concello

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que estaría ben que o goberno municipal ou o alcalde expuxesen os motivos do por qué non se aceptan estas dúas mocións anteriores, entende en todo caso que non son do seu agrado, especialmente a da transparencia.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, que terán cumprida contestación pero de momento expoña esta moción.

De seguido, procede a dar lectura á moción presentada a través do rexistro xeral o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, que di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal socialista traslada a través desta moción as reclamacións dos veciños e veciñas sobre as deficiencias do servizo de recollida de residuos no Concello de Oleiros. Hai un deterioro importante en moitos contedores, o seu contorno está sucio o que ademais de insalubre facilita a presenza de roedores, o seu tamaño é insuficiente en moitos casos e incluso cando falta algún ou rompe tarda en repoñerse dificultando o uso correcto por parte dos veciños.

Recentemente o Concello fixo pública a denuncia formulada contra unha residente no municipio, propoñendo unha sanción económica de entre 501 e 1.500 euros, por deixar *“unha desmedida cantidade de cartón fóra dos contedores, esta persoa tamén arroxou á vía pública plásticos de embalaxes, poliestireno, medicamentos, roupa, calzado...”*, engadían dende o Concello que *«Este tipo de comportamentos incívicos deterioran a convivencia nos espazos públicos»*, e recordaban que *«para a conservación duns espazos públicos agradables e saneados, resulta imprescindible a colaboración veciñal respecto ao cumprimento das normas do depósito de lixo. É importante separar os residuos para botalos nos contedores correspondentes, así como respectar os horarios estipulados»*, engadían.

Concordando ca necesidade de civismo e de que todos somos parte activa para mellorar o noso entorno, a cada un hai que esixir as súas responsabilidades. Está ben que o Concello esixa pero debe colaborar, facilitar os medios e difundir axeitadamente a información para que os veciños podan cumprir cas súas obrigas cívicas en relación cun servizo que ademais pagan.

Dende hai anos o Concello cuestiona a boa xestión dun servizo que se presta desde o Consorcio das Mariñas, encargou auditorías e xa en agosto do 2018 o Concello denunciaba *“As numerosas deficiencias no servizo de recollida do lixo que se presta desde o Consorcio das Mariñas está a provocar moitas queixas por parte de veciños de diversos lugares do municipio. O Concello está a constatar que a empresa concesionaria non está a recoller todos os días que lle corresponde, faltan contedores para depositar os residuos, os de papel e vidro están saturados en moitas zonas e os contornos non están limpos”*.

Os veciños de Oleiros pagamos por un servizo que é certamente deficiente, e o Concello ten que facer o seu traballo para melloralo. Hai unha desproporción en moitos casos nos tamaños dos contedores de lixo e o número de veciños que atenden o que fai que con frecuencia se deposite residuo no contedor non axeitado porque o propio está cheo. É certo que iso está mal, pero cando día tras día o veciño atopa o contedor cheo chega un momento en que está completamente desincentivado ante a inacción municipal. Como exemplo está esta “illa de contedores” ubicada en Dorneda na que hai xa un mes que “desapareceu” o contedor de orgánicos obrigando aos veciños a





CONCELLO DE OLEIROS

desplazarse mínimo 500 metros para atopar o seguinte. Ir a botar o lixo e ter que camiñar máis dun kilómetro entre ida e volta é unha esixencia excesiva para os usuarios e un exemplo de que cun mínimo de dilixencia municipal pode mellorarse a prestación do servizo.

Illa en Dorneda na que falta o contedor de orgánico dende hai un mes semana e sucio na súa contorna.

Chegados a este punto, e visto o deterioro que sofre o servizo de recollida de residuos entendemos que o Concello de Oleiros ten que ser proactivo para arranxar o problema, e en vez de botar balóns fora coma nos ten acostumados, ten que cumprir as súas obrigas de información e concienciación para que cando alguén sexa sancionado non poda alegar descoñecemento. E non vale dicir que é cousa do Consorcio porque a propia Alternativa pediu a mellora da recollida de lixo e da limpeza da contorna dos contedores recentemente en Cambre, ononde non goberna, que tamén é feita polo Consorcio. Polo que por coherencia urxe poñerse as pilas.

Por outra banda cómpre, ademáis de difundir axeitadamente a información, facer campañas periódicas de sensibilización, de consumo responsable, de xestión de residuos voluminosos e de horario e ubicación do Punto Limpo.

Tamén urxe estudar medidas específicas, como rutas especiais ou porta a porta, para que a recollida de residuos en zonas de hostelería e comercio mellore en puntos que están a sufrir desbordamentos continuos.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista de Oleiros solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- Se fará a limpeza, reparación, e colocación inmediata en todos os contedores de Oleiros de pegatinas indicando os horarios de depósito, o tipo de residuos que se poden botar dentro de cada tipo de contedor, como xestionar os residuos voluminosos e aparatos eléctricos e o horario e ubicación do Punto Limpo. A ampliación de información deberá estar dispoñible empregando un código Qr ou similar.
- 2.- Ante a proximidade do Nadal, e sabendo que aumenta a cantidade de lixo nos fogares, a posta en marcha inmediata de campañas de sensibilización co consumo responsable e a xestión dos residuos.
- 3.- O Concello deberá ter un espazo permanente, actualizado, e accesible na web municipal adicado a sostiabilidade e a mellora da calidade da recollida de residuos urbanos.
- 4.- O Concello debe facilitar que o tamaño dos contedores sexa axeitado ao número de vivendas que atenden.
- 5.- O Concello impulsará medidas de fomento do emprego dos composteiros para a boa xestión dos residuos orgánicos.
- 6.- O Concello estudará a posibilidade de reforzo con rutas “porta a porta” da xestión de residuos en zoas hosteleiras ou comerciais onde con frecuencia está a darse un desbordamento dos contedores.
- 7.- O Concello porá en marcha campañas de participación cidadá na reciclaxe con incentivos que xa están a aplicar noutros concellos do estado. Pode empregarse, por exemplo, unha “moeda” ou vale local para ser empregada a través dunha rede de comercios adheridos á campaña coseguindo un obxectivo dobre, a mellora da reciclaxe e o fomento do comercio local.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **doce (12) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* tratar a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

9.7.- Moción do grupo municipal “Socialista” relativa ó Nadal





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a M^a **Carmen Acuña**, sinalando que presenta esta última moción a ver se o alcalde considera tratar algunha das sete mocións que presentaron os grupos da oposición neste pleno.

De seguido, procede a dar lectura á moción presentada a través do rexistro xeral a voceira do grupo “Socialista”, D^a M^a **Carmen Acuña**, que di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Oleiros non destaca precisamente pola profusión e grandeza dos seus adornos navideños. Pero o grupo Municipal Socialista non quere plantexar hoxe aquí un debate sobre adornos sí, adornos non, nin sobre luces sí ou luces non, consideramos que non sería este o lugar máis adecuado para valorar os pros e os contras que sin dúbida teñen as dúas posturas.

O que está moi claro é que o comercio e a hostalería de Oleiros ía agradecer e ata celebrar que se incrementara a ambientación do nadal pero sobre todo os nosos pequenos e pequenas, eses sí que o ían agradecer, e moito.

Viaxando polo mundo se poden ver moitas opcións e ideas para celebrar o Nadal e non todas atentan contra o medioambiente nin son unha exaltación do consumismo e do capitalismo; tamén atopas ideas que son o mesmo unha oportunidade para educar e celebrar, fomentando o respecto e a solidariedade.

Iniciativas que en lugar de fomentar o consumismo aproveitan esas datas para ensinar a prescindir do que xa nin se usa nin se necesita e que ademáis ese obxecto sega sendo útil incluso para evitar o dor e a enfermidade

Por todo isto O Grupo Municipal Socialista quere someter a votación hoxe esta proposta e adoptar os seguintes ACORDOS:

1.- Que no entorno de cada centro educativo de Oleiros e no de cada parque infantil o concello escolla e prepare un árbore para que os nenos e nenas de Oleiros o poidan decorar con bos desexos buscando a maneira para colgalos das ramas como si de adornos navideños se tratan.

2.- Que o Concello prepare un mercadillo navideño onde os nenos e nenas de Oleiros poidan poñer os xoguetes que xa non usan á venda por un prezo simbólico e o mesmo para todos, e que ademáis o Concello despois se encargue de que o recadado se destine a mercar vacinas para os nenos e nenas de países onde non as teñen.”

Antes de pasar á votación da urxencia, polo alcalde D. **Ángel García**, sinálase que desde logo este concello non vai entrar en ningunha competición de a ver quen fai todo máis grande, como a torre entre Madrid ou Vigo, insiste en que non van entrar en este tipo de disputas.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **doce (12) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* tratar a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

*** rogos e preguntas**

9.8.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre obras que realiza a empresa AQUAOLEIROS

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:





“As reparacións que realiza AQUAOLEIROS caracterízanse por ser interminables e causan moitas molestias á veciñanza. Nas Rúas Hábitat, Inglés e Ribeira, deixaron desde hai meses a estrada sen asfaltar, cubrindo as zonas das reparacións con terra que, cando chove, convértese nun barrizal, polo que rogan que se asfalten canto antes esas Rúas porque é un verdadeiro desastre camiñar por elas sobre todo persoas maiores. De feito, unha das obras que realizaron diante da sucursal bancaria do BBVA tiñan que cruzar pola estrada para acceder pola beirarrúa.”

9.9.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre uso dos paneis informativos

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, sinalando:

“Recentemente volveu utilizar os paneis informativos municipais para reivindicacións ideolóxicas particulares, chamando terrorista ó goberno de Israel e cómplices ós gobernos europeos. Pliden que entenda, dunha vez por todas, que os paneis páganos tódolos oleirenses para que informen sobre asuntos municipais, polo que abstéñase de usalos para as súas ocorrencias.”

9.10.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre mal estado do parking do Complexo Deportivo Municipal de Oleiros

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“O asfalto do parking da piscina de Oleiros atópase moi deteriorado, ata hai uns días con grandes fochancas. Recentemente parcheáronse algúns, unha solución un tanto chapuceira e que durará pouco, por iso rogan que se proceda a un novo asfaltado en condicións de todo o parking porque é usado por moitos menores e en horas nas que ó mellor xa é de noite e non hai boa visibilidade.”

9.11.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre reparación dunha fochanca na Rúa Os Regos

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“Na Rúa Os Regos, fonte ó centro comercial desde hai tempo, existe tamén unha gran fochanca, tapada por unha plancha metálica, polo que rogan que os desperfectos nas vías públicas se reparen canto antes ou o motivo de que exista esa plancha aí é por que está prevista algunha outra obra a maiores.”

9.12.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre adopción de medidas de axuda ós empresarios afectados polas obras na zona do Sol y Mar

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando:

“Debido á situación que veñen sufrindo os empresarios, comerciais, autónomos e propietarios dos locais a carón da N-VI, zona do Sol y Mar, por mor das obras que se levan realizando nesa zona agudizadas polo seu retraso, rogan que se lles preste axuda en forma de:

- Condonación do IBI ós arrendadores dos locais que a data do inicio das obras tiñan o local alugado pero que, como consecuencia destas o inquilino cesou na súa actividade.
- Condonación ós afectados do pago do IAE.
- Subvencionando o aluguer ós empresarios dos locais afectados polas obras.
- Condonación da taxa pola recollida do lixo e
- Condonación da taxa das terrazas ós locais afectados polas obras.”

Para iso, solicitan que se apliquen estas axudas con efectos retroactivos desde a data do inicio das obras ata que rematen.”

9.13.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre realización de campaña de sensibilización dirixida a xóvenes, alertando dos perigos do consumo de alcohol e ós lugares onde se vende

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Os máis xóvenes na súa ansia por descubrir a vida a veces equivócanse e deciden bebérsela.

Dende o Grupo Municipal Socialista xa deixamos claro ante a ameaza do Sr Alcalde García de prohibir o Xacobebo que nós non somos partidarios de prohibir senón de educar e para eso debemos contar co conxunto da sociedade.





CONCELLO DE OLEIROS

Estamos tendo coñecemento dun problema que vai en aumento, e que afecta á saúde dos menores. Nos trasladan que se ven menores consumindo alcohol ao que parece acceden con facilidade, a pesar de que na súa idade a lei o prohibe.

Cómpre poñer en marcha unha campaña para evitar ese consumo, alertando dos perigos que supón e informando a aqueles lugares onde o compran do irregular da conduta e advertindo das sancións as que pode dar lugar. Probablemente esteamos ante outro problema derivado da escasa plantilla de Policía local motivada pola fuga de profesionais a outros concellos, e que obviamente se estiveran a gusto non se irían.

O Rogo do Grupo Municipal Socialista é que se faga unha campaña, dirixida a os locais e os rapaces, alertando dos perigos que supón e informando a aqueles lugares onde o compran do irregular da conduta e advertindo das sancións as que pode dar lugar.”

9.14.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre realización de campañas informativas para sensibilizar ós menores sobre problemática co consumo de drogas e reforzo da policía local neste aspecto

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“Avisanlles de que nos xardíns e parques de Oleiros, sobre todo en Mera e nas Trece Rosas de Santa Cruz, están a producirse problemas derivados do consumo de drogas por parte de rapaces e rapazas moi novos, cos perigos obvios que supón, polo que cómpre reforzar a política de información a menores das consecuencias do consumo de drogas pero tamén facer un esforzo por parte da Concellería competente en materia de seguridade para evitar estes comportamentos.

De novo estamos ante un problema derivado en boa parte da falla de policía locais no noso concello, polo que máis aló de botar balóns fóra, cómpre analizar dunha maneira honesta e capaz por que os profesionais abandonan o noso concello para tratar de atallalo, sen dúbida a presenza continua da policía local podería ser un elemento disuasorio para evitar eses xogos tan perigosos.

Por iso dende o noso Grupo hoxe traemos este rogo, pedindo ao Concello que analice ese problema de consumo de drogas nos nosos parques e xardíns e trate de poñerlle freo mediante campañas informativas e o reforzo do control policial. Entenden que a presenza de axentes da policía local pode ser un elemento disuasorio, pero para iso debería estar a plantilla ó completo.”

9.15.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre problemas varios no Paseo de Sta. Cruz e no acceso ó Porto

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“O rogo é en relación aos problemas de socavóns e derrubamentos que se están producindo no Paseo de Santa Cruz e no acceso ao Porto. Recentemente o alcalde nun totum revolutum mesturaba temas do Dragado da Ría -que recordemos supón unha inversión de máis de 32 millóns de euros que está a facer o Goberno socialista- cos desprendementos no paseo e no peirao de Santa Cruz, que sendo unha infraestrutura da rede de Portos de Galicia parece que a administración a que debe dirixirse é a Xunta, quen por certo gracias a política de confrontación do alcalde invirte 0 euros en infraestruturas no Concello. E se é cousa de Costas do estado que acuda a eles, pero acotando ben os lugares dos que fala, as administracións responsables de cada punto e que o faga cun informe técnico que de conta das posibles causas das anomalías.

Neste intre, amosa dous contratos que recentemente foron adxudicados por este concello á empresa “López Cao” para facer reparacións no paseo de Sta. Cruz, co que algún tipo de responsabilidade ten o concello.

- O rogo é que se faga primeiro unha análise por parte de técnicos municipais dos motivos deses socavóns e desprendementos e que o Concello se dirixa despois a Administración competente de cada un deses puntos cos deberes feitos descartando problemas propios derivados, por exemplo, da canalización das pluviais.

Estes dous contrato ós que remata de facer referencia, son encargos que pola súa urxencia, non saben os oleirenses nen sequera canto van custar.”

9.16.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre uso debido dos espazos de comunicación municipais

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“O alcalde anunciou vía web que ao “próximo pleno levará un nuevo texto de Regulamento Orgánico Municipal (ROM) para “poner coto esa panda de sinvergüenzas” e rematar con “tanto despropósito y prepotencia de estos





CONCELLO DE
OLEIROS

individuos e individuais”, referíndose aos concelleiros do PSdeG elixidos libremente polos veciños e veciñas de Oleiros.

É un uso certamente irregular do espazo web da institución municipal que por respecto á mesma e ao que representa non debería de volver a producirse.

Polo que pregamos que se faga no futuro un uso acorde coa democracia e o respecto institucional dos espazos de comunicación de que dispón o Concello, por respecto aos veciños e veciñas de Oleiros e á propia institución.”

9.17.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre falla de respecto institucional do alcalde

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“O Grupo Municipal Socialista de Oleiros quere denunciar por medio deste rogo que o Sr alcalde García pida para él na Deputación e agora tamén na Fegamp o que él nega sistematicamente a súa oposición en Oleiros, e que unha vez máis co seu comportamento tan pouco apropiado para unha persoa que representa polo seu cargo a todos e todas os oleirenses nos deixe quedar en evidencia.

Non é nin coherente nin respectable que o Sr Garcia esixa a Fegamp máis democracia e máis participación neses foros mentres él no seu concello asfixia a oposición, os insulta e fálalles de forma continuada ao respecto. E cando ademais el alí participa con toda normalidade aínda que só vai alí a mentir.

O Alcalde de Oleiros foi a Fegamp mentindo, asegurando que os problemas para acceder aos fondos que viñan de Europa a traves do Estado non chegaban aos Concellos pequenos como o de Oleiros polo tamaño cando a verdade e que foi a súa nefasta xestión, a súa defectuosa tramitación o que o deixou fóra a Oleiros desas interesantísimas subvencións e aínda, outro pleno máis, seguen esperando a que alguén asuma as súas responsabilidades políticas pola perda de 2,5 millóns de euros, polo que o gogo é que a sr. alcalde, representante de Oleiros, renuncie a ir por alí nin a FEGAMP, nin a Deputación nin a ningunha outra Administración Pública con mentiras, falsas descalificacións e cunha absoluta falta de respecto institucional o que só serve para deixar en evidencia aos honorables veciños e veciñas de Oleiros.”

9.18.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre adopción de medidas de seguridade ante o inicio da tempada de caza

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“No pasado mes de outubro iniciouse a tempada de caza menor. As condicións de seguridade nas que se poden desenvolver batidas de caza veñen marcadas por Lei, entre estas medidas están a de establecer zonas de seguridade afastadas de camiños públicos, vivendas ou outras zonas de uso público. Existen denuncias públicas de veciñas que sinalan que durante os domingos e os xoves teñen lugar batidas con moitos cans e cuadrillas de cazadores durante todo o día e até a noite. Estas batidas desenvólense na zona da Costa Protexida de Dexo e zonas contiguas. Segundo estas denuncias a presenza na proximidade das casas en zonas como Canabal, a ocupación de sendeiros e camiños públicos e a nula sinalización son continuas. A Costa de Oleiros é unha zona sempre moi concorrida por deportistas, e sendeiristas de toda a comarca e por visitantes d foráneos, alén duns valores dignos de protección.

Rogamos ao Concello teña en conta esta situación e tome as medidas oportunas de seguridade cidadá para prever o cumprimento das medidas de seguridade preceptivas por Lei.”

9.19.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre adopción de medidas de seguridade no Parque das 13 Rosas

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“As intensas choivas e as circunstancias propias do lugar poden provocar desprendementos na pasarela do Parque das 13 Rosas. Así é denunciado por diversas veciñas usuarias do Parque, que manifestan a presenza de grandes fendas que poidan ocasionar danos para a cidadanía.

Rogamos ao concello resolva e anule estes perigos potenciais no lugar.”

9.20.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre adopción de medidas de mobilidade no cruce entre as rúas Pombal e Somalia

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:





CONCELLO DE
OLEIROS

“No cruzamento en Perillo entre as rúas Pombal e Somalia existe un pequeno treito de dupla dirección, establecido após o enésimo troco do sentido da circulación. A visibilidade é moi escasa, por non dicir nula. Os coches que baixan da rúa Pombal, sobre todo se non coñecen o cruzamento, fano con exceso velocidade e de súpeto atopan outro coche en sentido oposto, e viceversa. O duplo sentido pode ser un risco para a cidadanía.

Rogamos tomen as medidas oportunas para eliminar riscos innecesarios.”

9.21.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre colocación de placa identificativa da Rúa do Pancho-Perillo

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“A Rúa do Pancho, en Perillo, non ten cartaz do rueiro nin identificación algunha. Coa peculiar e subsanábel odisea que, por exemplo, supón para repartidores/as dar cunha vivenda desa pequena rúa, máis cos mesmos dereitos que calquera outra.

Rogamos sexa colocado o cartaz identificador da Rúa como nas demais do Concello.”

9.22.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre arranxo de varias eivas nunha zona de Iñás

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Detéctanse varias eivas nunha zona de Iñás.

- O espello de visibilidade para os coches na esquina Abella/Molina caeu de vello e aínda non se repuxo.
- Os faróis na estrada onde o lugar do Caño son moi escasos.
- Existen sumidoiros taponados no "redondo" de Mandín/Avda. das Mariñas.

Rogamos amañen esta situación.”

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que vai contestar primeiro esta quenda de rogos presentados e logo ás preguntas.

O primeiro rogo presentado polo grupo municipal “Popular” respecto das obras de reparación que realiza a empresa AQUAOLEIROS, toman nota e comunicárase á empresa esta circunstancia; en canto ó segundo rogo sobre uso dos paneis informativos para reivindicacións ideolóxicas particulares non é así, en todo caso, reivindicacións ideolóxicas dunha maioría mundial e faltaba máis que o concello de Oleiros non participase da denuncia dese xenecidio que está a cometer o presidente israelí, porque Palestina non é unha ocorrencia e non entende como o concelleiro proponente deste rogo, afectado por padecer algo similar noutro país, pode dicir iso.

Ante o reclamo do concelleiro do grupo “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, de que para ese país do que fala o alcalde non utilizou os paneis informativos para denunciálo, contéstalle o alcalde, D. **Ángel García**, que os paneis utilízanse para o que estiman convinte e para informar á cidadanía e agora van poñer o nome dese presidente, que non do pobo xudeo, chamándolle criminal de guerra e pedindo que o xulguen no Tribunal de La Haya, comunícao para que saiban de primeira man cal vai ser o próximo anuncio nos paneis sobre este asunto.

Segue o alcalde, D. Ángel García, contestando ós rogos presentados polos grupo “Popular” e no que atinxe ás fochancas do parking da piscina de Oleiros, comunicárase ó departamento de servizos para que os arranxen como outras veces; sobre a Rúa dos Regos, fronte ó centro comercial, comunicáranos tamén a AQUAOLEIROS. porque é unha obra de reparación deles, para que procedan ó seu arranxo.

Sobre o rogo formulado e que non presentaron por rexistro que afecta ás obras do cruce do Sol y Mar e a iso ten que dicir que cre que se as cousas van como teñen que ir, aproximadamente dentro dun mes poderase xa pasar





CONCELLO DE
OLEIROS

por alí e así eliminaranse moitos problemas neste cruce a día de hoxe. As obras definitivamente non van rematar no mes de decembro pero si creo que a primeiros de ano xa se vai poder pasar polo túnel e o reclamo dos veciños afectados cre que xa foi a empresa a amañar os desperfectos ocasionados grazas á xestión municipal ante o Ministerio de Fomento.

Neste intre, intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jaime Núñez**, propoñente do rogo para matizar ó dito polo alcalde de que o que propuxo foi que se habilitasen formas de axudar ós empresarios afectados por estas obras, ó que lle contesta o alcalde, D. **Ángel García**, que o faga a Xunta de Galicia que coa morea de cartos que dilapida en cuestións varias, que agora ata van financiar cruceiros ás persoas maiores, que están a comprar á xuventude con diferentes bonos e axudas. Un empresario ten que pagar impostos e taxas como calquer outro, faltaría máis.

Insístese polo concelleiro do grupo “Popular”, Sr. **Núñez**, en que deberíanse axudar.

Segue contestando ós rogos presentados o alcalde, D. **Ángel García**, en canto á quenda dos formulados polo grupo “Sociaista”, no tema relacionado co consumo de alcohol e drogas por menores, dicir que o concello leva anos facendo campañas de sensibilización contra o alcohol e as drogas, é difícil ás veces actuar contra estes traficantes que son os que moven estes asuntos, pero non é nada novo, sempre estiveron nesa liña e seguirán pero os que teñen moito que facer e dicir é a familia, porque cando se produce algunha actuación nese senso e comunican ás familias que atoparon ós seus fillos ou fillas nunha redada, ás veces teñen que soportar ata malas contestacións negando a realidade, moitos outros, polo contrario agradecen a información para tratalo no seo familiar.

O segundo rogo é un pouco máis do mesmo, xa contestou no anterior e o que non vai facer o concello é poñer a un axente da policía local detrás de cada rapaz ou rapaza e insiste en que os que teñen que actuar con máis detalle é a familia, pero o concello realiza de xeito continuado charlas informativas, talleres impartidos por especialistas, por membros das forzas da orde pública, para que os e as xóvenes teñan a maior información posible e que serva de prevención no consumo desas sustancias.

No relativo ó porto de Sta. Cruz, o concello faise cargo de xeito habitual de pequenas reparacións que se producen, pero cando hai un temporal e ocasiona grandes desperfectos ten que actuar o organismo titular, neste caso é Costas do Estado, tanto o paseo coma a pasarela ó Castelo son competencia dese organismo e aí ten que rachar unha lanza as favor felicitando ó conselleiro titular da Xunta de Galicia de Portos pola prontitude na súa actuación en canto ó oco existente no porto, en cambio, debe poñer de manifesto a ineficacia e deixadez do delegado de Costas do Estado en Galicia, que nada fixo ante súas chamadas.

Neste rogo que vai contestar, ten que dicir que cando se fala hai que poñer todo en contexto, porque falan de ter maior respecto institucional por publicar na web municipal que ía achegar ó pleno a modificación do ROM para poñer coto a esa panda de sen vergoñas, referíndose ós representantes do grupo “Socialista”, cando o propio grupo municipal “Socialista” fixo unha nota de prensa chamándolle cacique e dicindo que manipulaba as actas e





CONCELLO DE
OLEIROS

as xuntanzas do concello ó meu favor, obrigando ós funcionarios a facer as actas como dicía él, isto é de xulgado, hai que botarlle moito valor para dicir isto e insiste en que esta afirmación é denuncialbe ante o xulgado de garda. Tamén, sinalan que obriga ós funcionarios a transformar a realidade nas actas para impedir recoller as “fechorías”, estes son os tratamentos que lle dan a él pero, por outra banda, bótanse as mans á cabeza cando os tacha de sen vergoña, peor é que non pode quedar calado ante eses calificativos...

Neste intre, o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinala que esa foi unha traducción que fixo o xornalista do galego ó castelán, dicíndolle ó alcalde que pregunte a quen mandou a nota de prensa, ó que lle contesta o alcalde, D. **Ángel García**, que non valen esas disculpas, hai uns días saíu na prensa que a Deputación ía asfaltar unhas rúas no ámbito do Paraíso e rápidamente desde este concello mandouse unha nota rectificativa que era o concello quen o facía, non a Deputación, era o que tiñan que ter feito...

Neste intre, solicita a palabra por alusións a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, negándolla o alcalde, D. **Ángel García**, dicíndolle que xa interviron con anterioridade e agora quen está no uso da palabra e él ó estar na quenda de contestación dos rogos presentados.

Ante a insistencia por parte da voceira do grupo “Socialista” en seguir intervindo e facer caso omiso ó aviso do alcalde que non seguirá intervindo, o alcalde chámaa ó orde en tres ocasións ata que decide a súa expulsión do salón de sesións.

Neste intre, despois da expulsar á voceira do grupo “Socialista” do salón de sesións, a Sra. **Acuña**, abandona o salón sinalándolle ó alcalde que terá que xustificar por qué a expulsou da sesión e o alcalde, Sr. **García**, sinalándolle que a expulsa da sesión por facer caso omiso ás súas instrucións e seguir intervindo sen ter o uso da palabra.

Segue coa súa quenda de contestación o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que contestanto ó derradeiro rogo presentado polo grupo “Socialista”, outra máis; sinalan que foi á unha assemblea da FEGAMP como alcalde deste concello poñendo na súa boca cuestións que non dixo, en concreto, que foi demandar fondos europeos, unha falacia absoluta, sabe a onde ía e non é o foro axeitado para demandar alí fondos europeos...

Ante o matiz que quería facerlle o concelleiro do grupo “Socialista”, Sr. **Fernández**, o alcalde, Sr. **García**, procede a dar lectura ó texto do rogo “...O Alcalde de Oleiros foi a FEGAMP mentindo, asegurando que os problemas para acceder aos fondos que viñan de Europa a traves do Estado non chegaban aos Concellos pequenos como o de Oleiros...” unha mentira...

Insístese polo concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, en que esa noticia foi publicada na web municipal, ó que lle contesta o alcalde que foi á FEGAMP e solicitou respecto para 29 concellos galegos que están gobernados por agrupacións independentes e que suman 351.000 votos en toda Galicia, a iso foi á FEGAMP.

Neste intre e ante a petición do concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, dunha quenda de réplica, ó serlle concedida polo alcalde, sinala que na nota enviada á prensa en ningún intre falon de “fechorías”, insiste en que esa nota remitiuse en galego sinalando en todo caso “malas accións”, evidentemente o comportamento





CONCELLO DE
OLEIROS

do alcalde, en moitos casos, deixa moito que desexar do que se espera dun alcalde de todos e de todas as oleirenses, e iso tildano de “malas accións” e en canto ó tema da FEGAMP publicaron na web municipal que os concellos pequenos non accedían a subvencións europeas por culpa de distintas cuestións, polo tamaño e demais, e Oleiros perdeu a subvención da actuación do regato de Nós a Iñás e a do Mercado Municipal de Perillo porque na avaliación da petición outorgáronlle cero puntos en calidade e isto é público na resolución do Ministerio, polo que insiste en que mentiu cando foi dicir iso á FAGAMP...

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, volvendo ler “...O Alcalde de Oleiros foi a FEGAMP mentindo, asegurando que os problemas para acceder aos fondos que viñan de Europa a traves do Estado non chegaban aos Concellos pequenos como o de Oleiros...”, non foi a nada diso alí e tampouco fixo isto e tamén sinala que descoñece todo o que se publica na web municipal...

Volve producirse debate entre o alcalde e o Sr. **Fernández**, concelleiro “Socialista”, dado que este último seguía insistindo en que foi publicado na web municipal e o alcalde, Sr. **García**, acusándoo de mentir e difamar porque está escrito do que están a falar e que aleguen que non foron esas as palabras da nota de prensa ¿Por qué non as rectificaron de non ser certas? Dicindo cuestións moi granves que son de xulgado de garda, acusándoo de manipular ós funcionarios municipais para que se salten ás leis, isto é gravísimo, menos mal que a xente o coñece porque leva máis de corenta anos no concello e saben como é.

Insístese polo Sr. **Fernández** en que é o alcalde de todos, ó que lle rebate o Sr. **García**, dicindo que non se dan conta que o 80% dos votantes do PSOE noutras Eleccións que non sexan as locais vótano a él logo nas municipais, iso é porque cren na política de Alternativa dos Veciños para este concello.

Segue contestando o alcalde, D. **Ángel García**, esta vez ós rogos do BNG, dicindo que presentan cinco e gran parte deles sobre a costa de Dexo e na que sabe o concelleiro do BNG que teñen posicións diferentes en canto a isto porque o monumento natural de Dexo ten tal denominación porque foi a Alternativa dos Veciños quen o solicitou á Unión Europea, quen lle deu a condición de espazo natural protexido, e é certo que ás veces persoas fan o que non deben, como eses madeiristas que queren facer o que lles peta, como un ó que colleron nestes días pasados e ó que lle vai caer o peso da lei, pero o que non pode facer o concello é poñer un policía detrás de cada visitante da costa de Dexo, cando se collen como éo caso dese madeirista do que falou, insiste en que irán contra dél.

De tódolos xeitos sinala que está o CEIDA, coa Xunta de Galicia, para facer un regulamento de uso deste parque natural e xa se verá o que sae diso.

Sobre o derrubamento dunha parte da escalinata que vai pola costa no Parque das 13 Rosas, é certo que produto da climatoloxía e das fronte meteorolóxicas desprendeuse unha parte e ten que dicir que non saben moi ben como resolver ese problema pola falla de espazo, igual facer unha ponte ou similar, porque houbo un desprendemento de terreo grande, parecido ó que aconteceu hai dous anos.

A respecto do posto de manifesto polo concelleiro do BNG sobre o cruce entre a Rúa Pombal e Somalia, é certo que existe un problema que o outro día tamén o denunciaba un veciño, non ten moita solución ata que dunha vez





CONCELLO DE
OLEIROS

por todas se abra o túnel do Sol y Mar e se proceda a reorganizar as direccións do centro de Perillo, que no seu intre tivéronse que adaptar e modificar para facilitar a circulación.

A Rúa Pancho, a coñece ben, era unha corre道ira dun metro e só existe unha vivenda, pero toma nota do exposto e no último e sobre a recolocación do espello, insiste no xa dito moitas veces, están en contra dos espellos porque desgrazadamente duran moi pouco debido ó vandalismo, polo que non van repoñelo.

Finalmente, pasa á quenda de preguntas dos diferentes grupos municipais:

9.23.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre retraso nas obras da piscina municipal de Perillo

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanesa Domínguez**, sinalando:

“As obras na piscina de Perillo empezaron con moito retraso, provocando o peche das instalacións o pasado 13 de novembro, causando un gran perxuízo ós usuarios.

Falla unha axeitada planificación de moitas obras do Concello, para realizalas con rapidez no intre que causen menos perxuízos ós cidadáns ¿Cal foi o motivo do retraso das obras da piscina?; ¿Cando se abrirá novamente?; ¿Saben cantas familias quedaron fóra sen ese servizo.”

9.24.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre advertencia do Consello de Contas nos procedementos de contratación

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, sinalando:

“O Consello de Contas de Galicia, en reunión do 21 de novembro de 2023 ditou acordo no que se dí que “se detectou, a través do exame da plataforma de contratación do Estado, varias supostas vulneracións ó establecido na Lei de Contratos do Sector Público con respecto á contía máxima dos contratos menores, existindo varios contratos tramitados baixa esta modalidade que incumpren o establecido por ser iguais ou superiores do importe máximo legalmente disposto. Así mesmo, alégase unha suposta vulneración no ano 2019 do límite máximo polo contratista e un abuso constante da utilización deste tipo de contratos con respecto a obras cuxa contía achégase ós límites previstos na lei durante os exercicios 2021 e 2022.

¿Poden explicar que está a acontecer? Abusan dos contratos menores para adxudicarlos a contratistas afines. Isto vai ter consecuencias ¿Vai o concello a iniciar o procedemento fiscalizador previsto no art. 243 da Lei 6/1985 do Consello de Contas de Galicia?.”

9.25.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre deficiencias nos pavillóns deportivos municipais

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando:

“En Oleiros existe un déficit importante de pavillóns polideportivos pechados para a práctica deportiva. Non son suficientes para a demanda existentes dos clubs deportivos, téndose que acudir a instalacións de centros privados concertados. Algúns atópanse deteriorados e con goteiras. Non dispoñen de internet por wifi ¿Ten algún plan para incrementar o número de pavillóns pechados e arreglar os existentes?.”

9.26.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre remate das obras na Rúa Casares Quiroga

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“Seguen sen rematarse as obras de mellora na rúa Casares Quiroga, a falla de planificación e coordinación con FENOSA ocasionan continuos retrasos ¿Sabe o alcalde cando se rematarán?.”

9.27.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre a Emisora Municipal de Radio

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“No pleno pasado o Excelentísimo Sr. Alcalde García, deixou moi claro que a Radio Municipal de Oleiros a sinte como súa pois a puxo, él mesmo, en marcha en tempos do Presidente do Goberno Sr. Gonzalez. Tal vez eso explica a denuncia que nos ten chegado de ouvintes do Pleno a través de Radio Oleiros alertando de que as intervencións dos voceiros da oposición se emiten con un volume máis baixo e con certo grado de distorsión.





CONCELLO DE OLEIROS

Lamentamos ter que recordarlle que se trata dunha radio municipal e polo tanto costeadá polos cartos de todos os veciños e veciñas de Oleiros, de todos dos que votan alternativa e dos que non.

Sabemos que na “radio do Sr. Alcalde” non traballa ningunha muller e tamén sabemos que sempre fala nela o Sr. Alcalde e que os demais membros da oposición estamos vetados e non se nos permite participar nela.

Pero claro, podemos estar equivocados así que díganos Sr. Alcalde García, dende que se iniciou este mandato ¿Cantos minutos teñen falado na Radio Municipal de Oleiros os outros membros da Corporación de Oleiros, é dicir os demais grupos municipais? E tamén poderíase engadir, de membros do grupo Alternativa dos Veciños.”

9.28.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre o Cadro de persoal da Policía Local

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Hai trinta anos a Policía local de Oleiros contaba cunha plantilla de 17 axentes. Hoxe son 21 contando co xefe. Pero o Oleiros de hoxe non ten nada que ver nin en tamaño nin en poboación co Oleiros dos anos 90.

Estes días pasados puidemos ver na prensa como o concello anunciaba a bombo e platillo que van contratar a sete novos policías o que no dicían e que nestes días vanse marchar dous polas prazas de mobilidade, nin dicían tampouco que neste mesmo mes acaban de marcharse catro axentes, por certo, dúas mulleres. Así que ese incremento non se vai notar, xa está amortizado polas saídas de axentes. Coñecemos ben esa constante fuga dos policías locais de Oleiros hacia outros destinos e tamén o custe que isto ten para os veciños e veciñas, polos gastos que xera a formación dos axentes na escola de seguridade da Estrada. O que non sabemos é si o Concello está a facer algo para evitala, dende logo se fai algo, non lle está funcionando e ao mellor tería que plantearse igualar as condicións laborais cas da Coruña.

E a única pregunta permitida polo Sr Alcalde García sobre este asunto é ¿Cando pensa ter vostede a dotación da policía local completa, que boa falla fai?.”

9.29.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre vivendas sen conexión á rede municipal de auga

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Ante as queixas reiteradas de veciños de Oleiros recibidas no noso Grupo municipal e para poder verificar e cuantificar un problema a priori tan grave e difícil de entender nun concello que presume de ser tan rico, de ter superávit económico e de ir a construír un multiusos que nos vai custar máis de 11 millóns de euros (2.000 millóns das antigas pesetas) dende o Grupo Municipal Socialista fan a única pregunta que sobre este tema nos permite o Sr alcalde García neste Pleno ¿Cantas vivendas ten a día de hoxe o concello de Oleiros en chan urbano ou urbanizable sen conexión á rede de auga municipal?.”

9.30.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre orzamentos da Xunta de Galicia

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“A Xunta de Galicia ven de presentar os orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2024, e queren preguntar ao Sr. Alcalde ¿Realizou algunha solucitude concreta a estes orzamentos dende Oleiros?.”

9.31.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre xestión directa da eliminación do plumacho en Oleiros

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“A presenza de plantas invasoras como o Plumacho, supoñen un risco para a biodiversidade, polo que compartimos que deben poñerse os medios para eliminalas. Está ben exixir que outras administracións os eliminen empregando medios que eviten a súa expansión, pero cómpre reflexionar que é o que fixo ao respecto da xestión do Plumacho o Concello de Oleiros, concretamente no que vai de 2023.

Por certo, nos decretos que revisaron estes días porque veñen a dar conta a esta sesión plenaria, figura unha sanción do Concello de Oleiros ó Ministerio de Fomento por non ter limpa unha finca da súa propiedade á beira da N-VI, polo que é sorprendente que coas fincas de titularidade municipal existentes sen limpar cheguen a sancionar a outra administración, neste caso a Central, e logo van pedindo bo trato.

Volvendo á cuestión, preguntan ¿Número de plantas de herba da Pampa retiradas polo Concello nos seus viais e camiños con xustificación do tratamento químico ou mecánico empregado?.”

9.32.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre acceso á Costa de Dexo





Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo anuncia que restrinxirá os accesos de visitantes a Costa desprotexida de Dexo. A polémica proba Costa Trail de Dexo, sempre denunciada en solitario polo BNG, foi un dos detonantes que levou aos directivos da Reserva a considerar a adopción destas restricións. Dubidamos da competencia que poida ter a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo para restrinxir, limitar ou establecer un Plano de regulación e conservación na Costa de Dexo.

¿Acredita o Concello, tal como fan Xunta e Reserva da Biosfera, no deterioro na Costa desprotexida de Dexo por determinadas actuacións invasivas producidas nos últimos anos e a “barra libre” existente nesta zona tan sensíbel, que levan a considerar imprescindiíbel o establecemento dun Plano de regulación e conservación da Costa de Dexo no que se regulen os usos compatíbeis coa conservación deste monumento Natural?

¿Acreditan na competencia que poida ter a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo para restrinxir, limitar ou establecer un Plano de regulación e conservación na Costa de Dexo?; tal e como afirmaron recentemente.”

9.33.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre subdia do recibo do lixo no Consorcio As Mariñas

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Desde o BNG cualificamos a o acordo das alcaldías do Consorcio das Mariñas de subir o recibo do lixo un 35 % de «escandaloso e indefendíbel», tendo en conta as graves eivas que ten o servizo. A cidadanía dos concellos que compoñen o Consorcio das Mariñas levan tempo observando que o servizo de recollida do lixo lévase a cabo de xeito moi polo que unha suba do prezo do recibo sería incomprensíbel, e aínda máis sen que se produza unha fiscalización do contrato e da súa execución.

¿Consideran dende o Goberno Local transparente o Consorcio das Mariñas na cuestión do lixo ou achan que no fondo hai un intento do pleno do nomeado Consorcio de acabar co modelo de Nostián?.”

9.34.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre aposta municipal pola compostaxe

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“A aposta pola compostaxe segue a ser absolutamente cativa no Consorcio das Mariñas. O escandaloso incremento do recibo poderíase ver reducido para aquelas veciñas que colaboran para axudar na conservación do planeta, que é patrimonio de todos. Compostando reducimos a emisión de gases que se xeran, por exemplo, no traslado do lixo ás plantas de reciclaxe ou incineración. Tamén redúcese a pegada ecolóxica do ciclo de tratamento dos biorresiduos, reducir a propia xeración de residuos e o consumo de fertilizantes externos. Contribuímos na reciclaxe do lixo compostando os biorresiduos e transformalos en compost.

¿Non pensaron no Concello solicitar a aplicación destas medidas ecolóxicas e que reducen os custes tal e como fan en Concellos BNG como Pontevedra?.”

9.35.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre realización da guía de empresas e servizos municipais a través de medios propios

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O Concello de Oleiros sacou a contratación por un importe de 36.000 euros a elaboración e produción de 16.000 libros-guía de empresas e servizos do Concello. A anterior edición do ano 2015 chamábase “Atópao en Oleiros” xa hai oito anos, polo que estaba absolutamente obsoleta. No 2005 saíu outra guía con información de máis de 700 empresas. Daquela o Centro Municipal de Formación foi quen cordenou esta publicación que foi enviada a domicilios e empresas. Nesta edición seguimos a externalizar a derivar a empresas alleas o que podemos facer con medios propios, seguindo co elevado incremento dos 7.666.143 do orzamento do 2023 aos 9.077.250 euros do orzamento do 2024 ¿Por qué non se segue a elaborar e producir con medios propios en lugar de externalizar este traballo, esta guía?.”

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que empeza por orde e nas preguntas formuladas polo grupo municipal “Popular” e, en concreto a relativa ás obras da piscina de Perillo, iniciáronse porque eran necesarias





CONCELLO DE
OLEIROS

dado que había que arreglar o vaso da piscina, e os usuarios e usuarias que queren nadar poden ir a calquera dos outros tres centros deportivos existentes no municipio que contan con piscina.

Sobre o sinalado do informe do Consello de Contas, parece unha extensión da nota de prensa de “La Voz de Galicia” que entre outras cousas, por outra banda nada parecido ó escrito recibido no concello que, por certo, foi a través dunha denuncia dun ex concelleiro do PSOE de Oleiros, na que expoñía que este concello cometía irregularidades na contratación e para que non haxa máis dúbidas ó respecto, vai proceder a ler primeiro a denuncia realizada por Jorge Pérez, o ex concelleiro do PSOE de Oleiros do que falaba:

“Feitos, que en relación ó Concello de Oleiros detectouse a través do exame da plataforma de contatación do Estado, varias supostas vulneracións ó establecido na Lei de Contatos do Sector Público, respecto á contía máxima dos contratos menores, existindo varios contratados baixo esta modalidade que incumpren o establecido por ser iguais ou superiores ó importe máximo establecido. Así mesmo, alégase unha suposta vulneración do límite máximo do contratista e unha vulneración deste tipo de contratos con respecto ás obras cuxa contía achégase ós límites previstos na lei durante os exercicios 2021 e 2022.”

Insiste en que isto é o que dí no seu escrito o ex concelleiro do PSOE, ó que contesta o Consello de Contas:

“1.- A denuncia cumpre con tódolos requisitos establecidos para a súa admisión, de acordo coa lexislación en materia do sistema de contas.

2.- As irregularidades xurídicas exsistentes nos procedementos administrativos presuntamente disconformes coa normativa aplicable, corresponde dilucidalas no eido administrativo na propia administración e no eido xurisdiccional no contencioso-administrativo sen que corresponda ó Consello de Contas repoñer a legalidade presuntamente perturbada, nin sancionar as infraccións supostamente cometidas.”

Polo que lle están a contestar que van a revisar pero que ninguén ten a potestade para sentenciar que se está a cometer unha ilegalidade, non existe de entrada...

“3.- O art. 24 da Lei do 85 faculta ó Consello de Contas para acordar, de oficio, a apertura de procedemento fiscalizador cando coñeza dos feitos por medio dunha comunicación presentada ó efecto, como é o caso. Tratándose dun procedemento que se tramita de oficio e no que se comunica a condición de parte por imperativo do disposto no art. 45 da Lei 2/1982.

Corresponde ó pleno do Consello, no exercicio das competencias recollidas no art. 85 da mencionada Lei, en todo caso, a conveniencia e pertinencia de acordar a iniciación dos procedementos fiscaizadores...”

É dicir, aínda van analizar o posto de manifesto na denuncia, aínda que considera que non hai ningunha irregularidade nas contas de Oleiros, non existe ningún contrato irregular, porque este concello non se salta a lei, pero hai un señor que denuncia e vano mirar...

Neste intre polo concelleiro do grupo “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, sinálase que o Consello de Contas está a dicir que vano mirar, pois haberá que esperar a ver que din.





CONCELLO DE
OLEIROS

Segue coa súa quenda de contestación o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que quen parece que sentenciou foi “La Voz de Galicia” porque sinala no artigo que “Oleiros incumpre...”,

En canto á pregunta sobre falla de pavillóns deportivos; Oleiros ten cinco pavillóns, máis que ningún concello da comarca e ademais ten outras once pistas polideportivas cubertas, que se poden utilizar sen ningún problema, pero non se usan en demasía, este concello conta cunha infraestrutura a tódolos niveis que non a ten ningún concello dos do arredor, por iso ven vivir a xente aquí.

A respecto das obras da Rúa Casares Quiroga, están a traballar nela e grazas a súa xestión na institución provincial que é a titular da vía, son obras de mellora e acondicionamento e ó rematarse ós problemas con FENOSA e TELEFÓNICA a obra segue o seu curso...

Insiste a voceira do grupo “Popular”, Sra. **Silva**, sobre si remataron xa os problemas con FENOSA e TELEFÓNICA e poden reiniciarse as obras... ó que lle contesta afirmativamente o alcalde, Sr. **García**, e insiste en que grazas a súa xestión ante a Deputación provincial.

Sobre o preguntado polo grupo “Socialista”, dicirlles que en relación á emisora municipal é un asunto xa moi tratado neste pleno e a isto ten que dicirlle ó nomeado concelleiro socialista que falou hoxe máis aquí no pleno, xunto coa súa compañeira, do que fala él na Radio municipal, pódenos a escoitar e de aí que acheguen tantas mocións porque pensan que aínda que non as aproben, polo menos deixan a mensaxe, pero tempo ó tempo porque iso vai a haber que regulalo de novo.

Sobre o tema da Policía Local de Oleiros, outro tema moi debatido neste plenario, dicirlle que existen 42 prazas, entre axentes, xefatura e tres oficiais, polo tanto o maior problema que xa o dixo en numerosas ocasións é que unha lei aprobada de mobilidade cando gobernou o bipartito na Xunta de Galicia está incidindo moi negativamente nos concellos pequenos e medianos porque os axentes marchan para as grandes cidades...

Neste intre, intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, matizándolle ó alcalde que se os axentes de Policía Local estiveran contentos non marcharían, polo que debería deixar mirar para fóra.

Segue coa súa intervención o alcalde, D. **Ángel García**, dicindo que os que se queren marchar deste concello é porque queren, hai pouco marchou unha axente para Coruña polo nacemento dun fillo, vive na Coruña e ademais alí pode entrar no programa de conciliación, outros vanse porque queren...

Volve intervir o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, dicíndolle ó alcalde que ese é o nivel, porque queren... siga negando a evidencia e empeorando os servizos...

D. **Ángel García**, segue coa súa quenda de contestación sinalando que agora veñen dous axentes de Policía, a través do concurso de mobilidade, un de Sada e outro de Cambre.

En canto á pregunta de conexións á rede de auga, tódalas vivendas existentes en núcleos teñen rede de auga e sumidoiros; 90 núcleos e 38 urbanizacións, 19.000 enganches. Sobre a pregunta relativa ós orzamentos da Xunta





CONCELLO DE
OLEIROS

de Galicia, as peticións haberá que facelas no Parlamento de Galicia, aínda así o máis seguro é que non lles fagan caso a vostedes, polo que non está para perder tempo.

Finalmente, respecto ó exposto sobre o tratamento dos plumachos dicir que se houbo alguén en Galicia que iniciou a loita contra os plumachos foi él, fomentando o seu estudo nas Universidade. A través dunha moción que presentou na Deputación acadou que se asinase un convenio de casi 200.000 € coa Universidade de Santiago ¿Quen contamina? Pois as obras executadas pola Xunta de Galicia e Fomento nas estradas municipais.

Respecto ó exposto polo voceiro do BNG e á reserva da biosfera, non ten competencia de ningún tipo para limitar ou prohibir quen entra ou sae do monumento natural de Dexo e insiste no que xa dixo antes, de que está o CEIDA e a Xunta de Galicia levando a cabo un traballo que rematará cunha guía que desenvolverá os usos e protección de determinados núcleos dos seis quilómetros cadrados cos que conta o parque natural de Dexo.

A respecto das competencias, non as ten nin a reserva da biosfera nin a propia Xunta de Galicia, nas vías públicas municipais ten a competencia o alcalde, aínda que a Xunta de Galicia pode regular, de feito o está a facer en colaboración co concello.

No que atinxe ó preguntado sobre a subida do recibo do lixo, xa dixo que é un escándalo porque en aproximadamente en dez anos non subiu o recibo, entendían xa naquel intre algúns que este recibo era alto e págabase máis do que custaba o servizo. Despois disto os custes subiron, persoal, infraestrutura, combustible, camións, etc. e non propuxo unha subida, resultando que agora convoca ó Consorcio e alega que hai que subilo porque o goberno do Estado cobra un millón de euros por botar o lixo en Nostián. Non entende nada, nin tampouco porque segue na presidencia Santiso, terano que explicar algún día os responsables do PSOE porque él facilitáballes a posibilidade de que a presidencia recaese nun alcalde do PSOE, porque teñen tres dentro do Consorcio, pero non fixeron caso e segue Santiso, inconcebible. Aínda que despois dunha noticia que lle chegou hai pouco vai entendendo algo, ó parecer algún concello mantén unha débeda co Consorcio de máis de 400.000 €...

Neste intre, prodúcese un debate entre o alcalde que estaba a intervir e o concelleiro do grupo “Socialista”, Sr. **Fernández**, querendo intervir este último ó que non accede o alcalde porque xa interviu e non está no uso da palabra.

Segue na quenda de contestación o alcalde, D. **Ángel García**, para rematar coa pregunta formulada sobre o recibo do lixo, dicindo que lle parece a taxa escandalosa, como pode pagar unha familia un 35% máis na taxa cando leva tempo defendendo no propio Consorcio As Mariñas que hai que facer un estudio serio sobre a prestación deste servizo, porque non entende que suban igual ese 35% os industriais e as empresas que un veciño, cando realmente estes últimos depositan un volume moito máis importante de lixo, pero ese é o Consorcio que elixiron outros, que Oleiros non.

En canto á última pregunta, xa as outras dúas guías publicadas foron criticadas no seu intre polo BNG, pero é que Alternativa dos Veciños ten outra visión neste aspecto e na última publicada había 700 empresas en Oleiros, hoxe hai 898 e esta guía consideran que é o mellor xeito de publicitar e fomentar acticiade ás empresas e autónomos





CONCELLO DE
OLEIROS

municipais, que exista na casa a posibilidade de ter unha guía para conseguir calquer profesional que necesiten e en canto á publicación, o Centro Municipal de Formación é realmente quen fai o traballo de campo e datos, logo a maquetadora municipal realiza tamén o seu traballo e queda finalmente a impresión que hai que contratala fóra porque non hai unha imprenta municipal.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 22.16 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en corenta e oito (48) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e praxe do alcalde.

